

a constitución da UE • consumo no Nadal • transporte
compost • Prestige un ano despois • o medio ambiente en Aíres

Inverno 2003 • Número 40 • 3 €

cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



especies
INVASORAS

SEMPRE MAR

cultura contra a burla negra
unha crónica literario-musical da catástrofe do Prestige

Sempre mar. cultura contra a burla negra, é un traballo interdisciplinar no que participan algúns dos sectores artísticos implicados na Plataforma contra a burla negra nun exemplo máis de afirmación, de desagravio e de denuncia. Este libro-disco quere ser unha crónica literario-musical da catástrofe do Prestige realizada dende a polifonía das múltiples voces que participan altruistamente no proxecto. En Sempre Mar encontraredes música, ilustracións, poemas, ensaios e relatos de centos de artistas que cederon de balde o seu esforzo para formaren parte do noso proxecto. Máis de dúascentas páxinas e dous cd's nos que 117 escritores, 18 ilustradores e máis dunha ducia de grupos musicais ofrecen o seu traballo en beneficio dun proxecto común, o que supón un dos esforzos interdisciplinares máis salientables da cultura galega dos últimos anos.

Quixemos que a pluralidade falase por nós. Por iso está convocatoria foi aberta a todas as persoas que libremente desexaron achegarnos o seu traballo. Deixamos que o peso das sinaturas quedase relegado a un segundo ámbito para dar prioridade á multiplicidade de voces. Na riqueza desa polifonía recae precisamente a forza deste traballo. Sempre mar supón un percorrido doloroso polos sentimentos que nos abordaron os primeiros días, un periplo de altas ondas pola ira e pola carraxe, polo naufraxio da frustración e pola levada de áncoras das manifestacións, esas convocatorias nas que botamos por fóra toda a rabia e nos sentimos unidos como pobo. Sempre mar serve de crónica dunha viaxe apurada polas nosas derrotas e polas nosas ansias de superación. É humor e son lamentos. É ironía e é xenreira non contida. Son promesas e agoiros. Pero supón, por riba de todo, unha afirmación da riqueza creativa e do compromiso de centos de autores e autoras co futuro deste país. Para que non teñamos que vivir unha nova marea negra. Nunca Máis.

SEMPREMAR

cultura contra a burla negra



Xela Arias, Eduardo Estévez, Elvira Riveiro Tobio, Emma Couceiro, Carlos Negro, Emma Pedreira, Rosa Aneiros, Estela Suárez Recouso, Estevo Creus, Fermín Simal Moreira, Fernando Rodríguez Gómez, Fran Alonso, Gonzalo Navaza, Harkaitz Cano, Helena de Carlos, Borja Crespo, Orballo, Fausto, Roke, Javi Montes, José Carlos Fernandes, Manchada, Maria Luisa Torcida, A Quenlla, Alberto Bundi e a Turma Angolagalega, Alfolies, Baldo Martínez, Beladona, Caldaloba, Dr. Cotomondongo y sus metales preciosos, Error, Fai Tun Flai, Leilía, Liñaceira, Marful, María Manela, Milladoiro, Navirada ou Nova galega de Danza son algúns dos creadores que quixeron participar no traballo.

ACTUALIDADE	4
CONSTITUCIÓN EUROPEA	10
Xosé Maria Garcia	
RESÍDUOS	
A ENTRADA DE SANTIAGO EN SOGAMA	12
Xan Duro	
INVESTIGACIÓN	
USO DO COMPOST NOS SOLOS GALEGOS	13
Entrevista a Marta Domínguez	
CONSUMO	
CONSUMO RESPONSÁBEL NO NADAL	16
Ramsés Pérez	
MERCAR PRODUTOS ECOLÓXICOS EN A CORUÑA	18
ADEGA-Coruña	
REPORTAXE	
O MEDIO AMBIENTE NO CONCELLO DE AMES	20
Entrevista a Francisco Carracedo	
TRANSPORTE	
CERCANIAS FERROVIARIAS EN GALIZA	23
Miguel Pazos	
PRESTIGE	
O PRESTIGE UN ANO DESPOIS	26
Xabier Vázquez, Martiño Nercellas e Xan Duro	
AAAO, SEMPRE ARAO	30
Iago Pérez e Miguel Cuba	
NUNCA MÁIS VISITA O LITORAL	33
Xabier Vázquez e Martiño Nercellas	
O PRESTIGE E A ÉTICA AMBIENTAL	34
Beatriz Fernández	
BIODIVERSIDADE	
ESPECIES INVASORAS EN GALIZA	38
Antonio Gigirey	
A NATUREZA NA LITERATURA	
XERARDO ÁLVAREZ LIMESÉS (III)	40
Emilio Xosé Insua	

¿UN PACTO POLO MEDIO AMBIENTE?

Xosé Manuel Barreiro, conselleiro de M.A., ofreceu a través dos medios de comunicación un pacto polo ambiente, dirixindo-se tanto á oposición política como ás entidades sociais. Foi a comezos de novembro, na véspera do cabodano do Prestige, nun intre no que boa parte da sociedade galega reflexionaba sobre a importancia de conservar o ambiente e, unha vez mais, exixiria responsabilidades políticas.

¿Estamos perante a apertura efectiva dunha via de diálogo que pode dar froitos positivos ou trátase dun simple acto de retórica, dirixido quizais a crear confusión?

Após un ano de Barreiro ao fronte da Consellaria, están-se a reafirmar, se cabe con mais virulencia, as políticas levadas a cabo ao longo de máis dunha década de goberno do PP. O acoso aos concellos discrepantes, o mantemento da política de augas e de minicentrales, a toma de partido a favor de ENCE facilitando-lle o camiño para a privatización indefinida dunha boa parte do dominio público marítimo-terrestre ou o continuismo na política forestal e de loita contra os lumes son indicativos disto.

A pesar do Prestige, é o tratamento do lixo, tema no que a consellaria de Medio Ambiente continua ausente, o eido no que máis se manifestan os intereses contrarios a unha xestión ecolóxica, conseguindo o PP dividir á oposición. A oferta dese "grande acordo sobre o lixo" por Barreiro ou as declaracións de Dositeo Rodríguez no sentido de que SOGAMA tamén podería compostar "algo", van parellas ao recrudescimento das presións que acabaron con Compostela en SOGAMA e que, agora pola via legal, pretenden acabar tamén con Nostián, e non tardará en se cebar no plano do Barbanza.

Menosprezando na práctica a participación social, a Consellaria segue a instrumentalizar e minimizar o Consello Galego de Medio Ambiente e non convoca desde hai máis dun ano o Observatorio Galego de Educación Ambiental ou a Xunta de Augas de Galicia. A negativa de Conselleiro a explicar-lle a CERNA nunha entrevista os elementos dese pacto deixan-no en simple retórica. Cambiaron as persoas pero pouco máis.

cerna

Tel. e Fax: 981 570 099
Praza Comilo Díaz Valiño 15, 2º A
15704 Santiago de Compostela
E-Mail: adega@xv.es Web: www.odegogaliza.org

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Elvira Cienfuegos, Xan Duro, Emilio Insua, Miguel de Lima, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Xabier Vázquez, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Verán - 2003

Tanto en artigos como noutras colaboracións, reséptase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
Manuel Soto

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Alberte Sánchez

DISEÑO, FOTOGRAFÍA E
MAQUETACIÓN
Alberte Sánchez

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Alberte Sánchez

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor

IMPRESIÓN
Grafinoval, S. A.
D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

APOIO Á PLANTA DE RECICLAXE

A xestión do lixo e a maré negra continúan a centrar a actividade de ADEGA no Barbanza. O 27 de setembro, ADEGA participou nunha marcha pola clausura do vertedoiro de lixo de Rianxo e a prol da reincorporación deste concello ao Plano Mancomunado de Resíduos do Barbanza, baseado na compostaxe. Xa en novembro, Fins eirexas mantivo unha entrevista co alcalde de Rois para falar das alternativas para o tratamento dos RSUs e da postura de ADEGA ao respecto. O goberno municipal informou do seu compromiso de rexeitar a opción SOGAMA e adherir-se ao Plano Barbanza. Ademais, acordaron-se varias actividades de

educación ambiental no IES de Rois para concienciar aos rapaces e rapazas sobre a alternativa dos 3R e as súas vantaxes fronte a incineración.

Con motivo do cabodano do Prestige, Fins Eirexas participou en nome de ADEGA-Barbanza nunha mesa redonda en Ribeira, xuntamente con Manolo Maneiro, patrón maior da Póvoa, Xoán Doldán, profesor de economía da USC e Felipe Louzán, profesor da escola de náutica de A Coruña. Asimesmo, ADEGA desenvolveu en novembro varias actividades de educación ambiental sobre a marea negra en centros de ensino da Comarca.



BREVES

COORDENADORA CONTRA AS PRESAS DA LAMA. Para se opor á instalación de dúas centrais hidroeléctricas en zonas de alto valor ambiental nos ríos Verdugo e Xesta, no municipio da Lama (Pontevedra), constitúíuse a Coordinadora contra as presas da Lama, que naceu co apoio de ADEGA e de COGADER. A presa no río Verdugo afectaría a unha zona proposta para a Rede Natura 2000 con valiosas fragas e no que o río decorre entre imponentes canóns graníticos, formando un conxunto paisaxístico de especial beleza. A presa do río Xesta, en Liñares, acabará coa ferverza deste lugar, coñecida como A Feixa, un dos saltos de auga máis altos e salvaxes do país.

OBSERVATORIO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL INACTIVO. O Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA) non mantivo ningunha reunión de traballo desde a súa constitución o 29 de outubro de 2002. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) denunciou perante o Valedor do Pobo que a Consellería de Medio Ambiente non convocou unha soa reunión do Observatorio desde aquela, incumprindo as normas de regulación que ela mesma impuxo. O OGEA creouse para o seguimento do estado da EA no noso país baseándose nas recomendacións

ADEGA-OURENSE

FORTE ACTIVIDADE NO SEU PRIMEIRO ANO

Durante o 2003, ADEGA Ourense, tivo como obxectivo primordial darlle un pulo importante á esta delegación que permanecera estancada dende había tempo. O desastre do Prestige obrigou a crear unha fronte ambientalista dentro da Plataforma Nunca Máis, formada por diversas organizacións ecoloxistas da provincia de Ourense, coa función principal de coordinación do voluntariado que solicitaba viaxar á costa para participar nas actividades de retirada de fuel. Durante os primeiros meses do ano, ADEGA Ourense adicou os seus esforzos a esta labor e a outras relacionadas, necesarias para afrontar unha situación tan caótica como a que se viviu naquel entón.

Ademais de xornadas de formación de voluntariado, ADEGA Ourense desenvolveu o seu traballo de protesta dentro da Plataforma Nunca Máis, participando na organización de eventos culturais, festivos e reivindicativos que se foron desenvolvendo durante todo o ano 2003.

Durante este ano celebramos, "O día da árbore" no Ateneo en colaboración coa Escola de Danza da Deputación, organizouse o Campo de Trballo de Carnota xunto coa Escola de Tempo Libre Paspallás e o Concello de Carnota, intercambios escolares entre a costa e o interior, varias charlas de diferentes temáticas: "problemas ambientais", " Prestige",

"Campo de Trballo", ademais de organizar as Xornadas da Mobilidade Sustentabel e a Asemblea Xeral de ADEGA, celebradas ambas en Ourense. Todas elas tiveron unha certa repercusión mediática, aínda que non sempre a desexada.

ADEGA Ourense continúa participando nas diferentes organizacións que xurden na provincia coa intención de denunciar os atentados ecolóxicos que sofre o interior do noso país, minicentraís, encoros, canteiras, incendios, son só algúns dos exemplos contra os que se traballa dende organizacións como o Comité de Defensa do Monte Galego, ou a Plataforma para Defensa do Arnoia.

O traballo da delegación viuse reflectido no incremento do número de socias/os, o que facilita a programación de actividades e o desenvolvemento das mesmas. As reunións celébranse na Casa da Xuventude, e contan coa asistencia dunha media de dez a quince persoas, que participan tanto no deseño como na execución das actividades.

Podemos dicir que este foi un ano positivo para esta delegación pois conseguimos revitalizala e estruturala para darlle certa estabilidade e continuidade. Temos que facer referencia ao nacemento da delegación de ADEGA Celanova, aínda en proceso de creación, pero que xa comezou a súa andaina.

ADEGA-CORUÑA

I CONCURSO DE REPORTER@S ECOLOXISTAS

Adega Coruña convoca o I-Concurso de Reporter@s Ecoloxistas, dirixido a nenos e nenas de 6 a 12 anos. Nas dúas modalidades, de 6 a 8 e de 9 a 12 anos, os nenos e as nenas poderán presentar o seu mellor "debuxo con comentario" (formato A4), no local de Adega-Coruña os xoves e venres, do 15 de decembro de 2003 ó 15 de xaneiro de 2004. A exposición dos debuxos, no baixo do mesmo local, terá lugar do 15 de xaneiro ó 15 de febreiro de 2004. Posteriormente, para cada categoría, terá lugar a proclamación dos tres debuxos finalistas, e por último a proclamación do debuxo gañador. Os debuxos gañadores serán publicados na Revista Galega e Ecoloxia e Medio Ambiente, Cerna. Os premios serán unha sorpresa digna de reporter@s ecolóxicas. Para coñecer as bases completas e obter información adicional, dirixirse a ADEGA por calquera dos medios que se indican ao lado.

ADEGA Coruña trasladouse de local, polo que xa non está nos locais da Agrupación Alexandre Bóveda, a quen recoñecemos a súa colaboración e os servizos prestados durante todos estes anos.

O novo local, no enderezo indicado máis abaixo, permanecerá aberto de luns a venres, de 17h a 21h, por colaboradores/as voluntarios/as de ADEGA-Coruña. Animamos a todos os socios/as de ADEGA a visitarnos nesta nova ubicación, e a axudar a incrementar a actividade de ADEGA Coruña.

Adega Coruña
Rúa do Conto, 6-8 baixo esq.
15002 A Coruña
Teléfono 881 915 046
Correo-e: corunha@adegagaliza.org
Web: www.adegagaliza.org/corunha

ADEGA-COMPOSTELA

FINALMENTE SOGAMA

O Concello de Santiago de Compostela propuxo-se decidir antes de acabar 2003, qual ia ser o futuro do tratamento dos Resíduos Sólidos Urbanos (RSU), plantexando-se unha disxuntiva entre a incineración en SOGAMA ou a compostaxe na Planta que a Mancomunidade da Serra do Barbanza ten en Lousame. Por este motivo, a actividade da delegación de Compostela centrou-se, nos últimos meses, no desenvolvemento dunha campaña na defensa dun sistema de tratamento dos RSU baseado nos 3R e, polo tanto, na compostaxe.

A campaña comezou promovendo a acción conxunta de ADEGA-Compostela, o Obradoiro Ambiental Oureol e a SGHN-Compostela, organizacións ás que, mais adiante, se sumaron primeiro BNG, CAF, Galiza Nova, IU-EU, Panxea e SLG-CCLL, e, despois, CCOO, XEOGAL e AGAL, que constituíron a Plataforma Cidadá pola Compostaxe. Finalmente, cos votos de PSOE e o PP, o Concello optou polo que, semellava mais que decidido: a incineración en SOGAMA.

A implicación de ADEGA-Compostela na campaña En Compostela Compostaxe, Non á Incineración, non impediu o desenvolvemento doutras actividades. Así, continua cos labores de recuperación do contorno da antiga mina de Aríns; denunciou a mortandade de peixes no río Sarela, os contínuos vertidos de FEIRACO a un regato afluente do Tambre, as bruscas oscilacións no caudal do Ulla por mor da abertura do encoro de Portodemouros e a colocación de barreiras neste mesmo río para a pesca do salmón. Denunciou igualmente as condicións lamentábeis nas que se atopaban os animais amosados no espectáculo Expoanimals; participou tamén no festival Ullactiva -en Vedra-, na Escola de Verán de Setembro -con actividades relacionadas coa biodiversidade-, nunha reunión do Plano Estratéxico de Compostela, nas xornadas e manifestación con motivo da V Reunión Ministerial da OMC en Cancún, na Plataforma pola Liberdade de Expresión -de breve existencia-, e nas mobilizacións con motivo do cabodano do Prestige.

contidas na Estratexia Galega de Educación Ambiental, que practicamente non ten saído do papel.

PRESTIGE E SOLIDARIEDADE LUSO-GALAICA. O Fórum de Amizade Galiza-Portugal e un grupo de organizacións ambientalistas portuguesas (Amenus, Quercus-Braga e Vento Norte) promoveron entre agosto e outubro diversas actividades (conferencias, exposicións fotográficas, representacións dunha peza de teatro) en Braga, Famalicão, Barcelos e outras localidades do norte de Portugal sobre a catástrofe do Prestige. ADEGA e a FEG, en nome da Plataforma cidadá Nunca Máis, colaboraron activamente na organización destas actividades.

ALTA VELOCIDADE IBÉRICA. A Confederação Portuguesa de Associações de Defesa do Ambiente (CPADA) e Ecoloxistas en Acción lamentaron nun comunicado conxunto os acordos entre os gobernos español e portugués para o desenvolvemento de liñas exclusivas de alta velocidade ferroviaria (350 km/h). O AVE estrito, alén de ser elitista e de provocar un elevado impacto negativo sobre o medio natural e o ordenamento do territorio, "tem um consumo energético desproporcionado por passageiro, idêntico -ou superior para distâncias maiores a 600 km - ao avião, pelo que o converte num grande emissor de CO2 e portanto, num transporte muito poluente e pouco eficiente". A diferenza das liñas Lisboa-Madrid ou Lisboa-Porto, a liña Porto-Vigo semella que non será de alta velocidade estrita senón de velocidade alta (200-250 km/h), a semellanza da liña A Coruña-Vigo, actualmente en obras. Polo tanto, no que atinxe á comunicación ferroviaria entre Galiza e Portugal o acordo pode considerarse positivo.

MANIFESTO ECOLOXISTA PARA AS ELECCIÓNS EUROPEAS. O Green 8, formado polas principais organizacións ecoloxistas europeas (entre elas a Oficina Europea do Ambiente, a maior federación ecoloxista europea, da que forma parte ADEGA), presentou un manifesto para as eleccións europeas que se van celebrar en xuño de 2004. O manifesto propón 61 medidas viábeis para atinxir 10 obxectivos,

XI JORNADAS PEDAGÓGICAS DA ASPEA

I XORNADAS LUSO-GALAICAS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

entre eles, unha política de produtos químicos que protexa a saúde humana, a detención da perda de biodiversidade antes de 2010, unha produción limpa de alimentos, favorecer o uso sustentábel dos recursos naturais ou fortalecer o liderado internacional da UE na loita contra o cambio climático. O manifesto está na web da OEA www.eeb.org

ADEGA-Lugo prosegue co programa de roteiros 2003-2004 e ven de realizar un por Baralla-Becerreá para celebrar o abandono, grazas á oposición veciñal e de ADEGA, dun proxecto de incineración de residuos sanitarios en Becerreá. Por outra banda, ADEGA continúa co traballo de oposición ao encoro de Narla e de apoio á construción da planta de compostaxe. Podes consultar en: www.adegagaliza.org/lugo/index.html

PROGRAMA ICAA. ICAA son as siglas de "Inspección Costeira de Aves Abeiradas" Consiste fundamentalmente en percorrer as praias en inverno seguindo unha metodoloxía moi sinxela para localizar aves mariñas mortas, principalmente petroleadas. Este ano poden aparecer tamén aves mortas polo chapote do Prestige. Se estás interesado/a en participar neste programa como voluntario/a, contacta con ADEGA.

Do 22 ao 24 de xaneiro do 2004 a ASPEA, ADEGA e a SGEA van celebrar en Chaves as 1ª Xornadas Luso-Galaicas de Educación Ambiental. As xornadas coinciden coas XI da ASPEA (Associação Portuguesa de Educação Ambiental) e nelas desenvolveranse conferencias, mesas redondas, debates, así como grupos de

traballo ou exposición de materiais e posters.

Para consultar o programa ou inscribirse, visita as páxinas web de:

ADEGA www.adegagaliza.org

ASPEA www.aspea.org

SGEA www.sgea.org

EXPOSICIÓN DE ARTE POSTAL AREA NEGRA

Adega en colaboración co Colectivo de Ensinantes Area Negra, puxo a disposición de diversas entidades a exposición de Arte Postal Marea Negra. Esta exposición, froito dunha convocatoria do I.E.S. Aquis Celenis co tema das mareas negras e a catástrofe do Prestige, tivo unha grande acollida xa que se recibiron un total de 470 obras pertencentes a 260 autoras/es de 36 países dos cinco continentes. Esta exposición, que o centro cedeu ás dúas entidades citadas, vai agora a percorrer o país, xa que numerosos centros de ensino, concellos, asociacións etc, mostraron o seu interese pola mesma. Quen desexe visitar a exposición ten máis abaixo o calendario á súa disposición.

Calendario da Exposición Internacional de Arte Postal "Marea Negra"

- *I.E.S. "Ramón Caamaño"-Muxía: 10-19 novembro
- *I.E.S. "Eduardo Pondal"-Santiago: 19-27 novembro
- *Xornadas voluntariado ambiental ADEGA 28-29-30 novembro
- *I.E.S. "Curtis"-Curtis: 1-10 decembro
- *I.E.S. "As Mariñas"-Betanzos: 10-19 decembro
- *Arzúa (Asociación): 19-29 decembro
- *Concello de Rois: 29 decembro-8 xaneiro
- *I.E.S. "Agra de Leboris"-Laracha: 8-19 xaneiro
- *I.E.S. "A Sardiñeira"-A Coruña: 19-26 xaneiro
- *I.E.S. "Moncho Valcarcel"-As Pontes 26 xaneiro-2 febreiro
- *"Marqués de Sargadelos"- O Cervo: 2-9 febreiro
- *I.E.S. "Celanova": 9-16 febreiro
- *I.E.S. "Lagoa de Antela"-Xinzo de Limia: 16 febreiro-1 marzo
- *C.P.I. "Antonio Failde"-Cambeo-Coles: 1-8 marzo
- *I.E.S. "12 de outubro"- Ourense: 8-15 marzo
- *I.E.S. "Pazo da Merce"-As Neves: 15-22 marzo
- *I.E.S. "1º de marzo"-Baiona: 22-29 marzo
- *I.E.S. "A Guía"-Vigo: 29 febreiro-2 abril
- *I.E.S. "As Barxas"- Moaña: 13-19 abril
- *I.E.S. "Luis Seoane"-Monteporreiro-Pontevedra: 19-26 abril
- *Vilanova: 26 abril-3 maio
- *"Armando Cotarelo Valledor"-Vilagarcía: 3-10 maio
- *I.E.S. Ribeira: 10-14 maio
- *Pobra: 14-21 maio
- *C.E.I.P. de Portonovo: 21-27
- *C.P.I. "Viaño Pequeno": 27 maio-3 xuño
- *"Marco do Camballón"- Vila de Cruces: 3-9 xuño
- *Colexio cerca de Muxía: 9-15 xuño
- *I.E.S. "Punta Candieira"-Cedeira: 15-21 xuño
- *I.E.S. "Alfoz": 21-28 xuño
- *Casa Cultura Foz: 28 xuño-6 xullo

petro (leño) preto



Efecto invernadoiro: o 84% das emisións proceden do sector enerxético e do transporte

GALIZA INCUMPRE O PROTOCOLO DE QUIOTO

O sector enerxético e o transporte é o que máis contribúe ao cambio climático, pois é responsábel de nada menos que o 84 % das emisións de gases de efecto invernadoiro, segundo as estimacións do informe de CCOO, feitas a partir de fontes oficiais e empresariais. As centrais térmicas de carbón de As Pontes (ENDESA) e de Meirama (UNION FENOSA) e a de fuel de Sabón (UNIÓN FENOSA) son as principais fontes de gases causantes do cambio climático global.

Despois das centrais térmicas, o transporte é a principal fonte de emisión de CO₂. O aumento das necesidades de transporte, favorecido por unha política territorial que non frea a dispersión da poboación e a segregación de usos, xunto co excesivo protagonismo do transporte por estrada, explican a elevada contribución do sector do transporte ao cambio climático.

Para reducir até límites ambientalmente aceptábeis as emisións de gases de efecto invernadoiro na nosa terra

O informe "Las emisiones de gases de invernadero en España por Comunidades Autónomas", elaborado polo Departamento de Medio Ambiente de Comisiones Obreiras (CCOO) estima que "as emisións de gases de invernadoiro en dióxido de carbono (CO₂) equivalente aumentaron en Galicia un 28,95%, case o dobre do

permitido no Protocolo de Quioto, e inferior ao crecemento medio de España". A contribución do noso país ao cambio climático é superior á que nos correspondería por poboación e produción, o que é debido principalmente ao funcionamento das centrais térmicas de carbón de Cerceda e As Pontes.

resulta fundamental tanto reducir (até eliminalo) o uso do carbón para a produción de electricidade como diminuír o peso do transporte por estrada. Nada sería máis útil para isto que o cumprimento estrito do protocolo de Quioto (que case todas as eléctricas e o goberno pretenden evitar) e unha fiscalidade ecoloxicamente adecuada que penalizase as actividades máis contaminantes. Neste senso, a ecotaxa da Xunta non serve, pois só se aplica ás maiores industrias e non contempla as emisións de CO₂.

Segundo o informe, realizado por Joaquín Nieto, secretario confederal de medio ambiente de CCOO e por José Santamarta, editor da revista World Watch en castelán, "os procesos industriais distintos á combustión, como a produción de cemento, industria química e metalúrxica, representaron en 2002 o 3,7% das emisións". Os demais sectores que contribúen ao cambio climático son a agricultura e a gandería, co 10 %, e os residuos (vertedoiros, incineradora de SOGAMA), co 2 % do total.

BIODIVERSIDADE

DESCOBERTO UN HÍBRIDO ENTRE CARBALLO ANANO E CARBALLO

No concello de Carnota (provincia da Coruña) atopamos unha pequena poboación de carballo anano (*Quercus lusitánica*), unha auténtica rareza no noroeste da Península Ibérica pois é característico do sudoeste da Península e do Norte de África. Debido ao seu aillamento e ao exiguu das súa poboación galega, esta especie está a atravesar por serias dificultades de conservación tendo en conta que o seu hábitat está seriamente maltratado por incendios, cultivos forestais de especies exóticas (eucaliptos, piñeiros, etc.) e pistas sen control, sen que ningunha administración faga realmente nada por velar por esta pequena xoia botánica en Galiza.

Un grupo de botánicos da Universidade de León (véxase: F. Llamas, C.


Lence et C. Acedo. 2003. Una nueva notoespecie de *Quercus* L. (*Fagaceae*) en el NO de España. *LAGASCALIA*, 23: 85-90) ven de descubrir que esta especie híbrida precisamente co carballo (*Quercus robur*) dando lugar a un híbrido denominado *Quercus xgallaecicus* que sería exclusivo deste lugar. Por unha banda supón unha confirmación da necesidade de conservación desta orixinal poboación de carballo anano, moi alonxada dos seus restantes núcleos, e ven a alertar sobre a ameaza que supón a introgressión por hibridación con outras especies do xénero. É un bo momento para reclamar ás administracións públicas que tomen as medidas oportunas para a conservación desta especie e o seus orixinais híbridos.



Xabier Vázquez

Estamos mui longe de empezar a traballar nos 3Rs da paz

MAS... ACABOU A GUERRA NO IRAQUE?



Nom hai muito tempo a pregunta podía ser a contrária: Mas... Hai guerra no Iraque? Desde logo havia um ataque por parte, principalmente, dos EUA e o Reino Unido, pero nom existiam combates, nom se podía falar dum exército iraquiano ou dumha populación armada a se confrontar cos aliados, falava-se, daquela, de que mais do que a umha guerra, estavamos a assistir ao desenvolvemento dum massacre. Ocupou-se o país e cantou-se vitoria: o 1 de Maio, George Bush Jr. declarou finalizada a guerra.

O resultado: um país sumido no caos, coas suas infraestruturas destruídas, co seu ambiente degradado, militarmente ocupado... e cumha resistencia plural e atomizada que, sorprendentemente, está a ser cada vez mais eficaz no combate armado frente às forcas de ocupación, até o ponto de que o que oficialmente é a postguerra, o que para o presidente do governo

espanhol é o postconflicto, foi-se transformando na verdadeira guerra, umha guerra de guerrilhas que está a castigar às forcas de ocupación estadounidenses, británicas, italianas, españolas... e está a espertar os fantasmas de Vietnam e Somália. Mentres, seguen sen aparecer as temíveis armas de destrución masiva das que hai já tempo que nom se fala.

No Iraque nom acabou a guerra, a guerra acaba de comezar, e aínda que tivesse acabado, está mui longe de empezar a se construír a paz, está mui longe de comezar a traballar nos 3Rs da construción da paz despois da violencia —Reconstrución, Reconciliación e Resolución—, pero é que a paz nunca foi um obxectivo na política dos aliados cara o Iraque. Para Bush, Blair e Aznar existiam outros obxectivos muito mais interesantes polos que si pagava a pena morrer, pero sobretudo, matar.

REIVINDICACIÓN

MANIFESTACIÓN CONTRA O PROXECTO DA PAPELEIRA DE ENCE EN LOURIZÁN

ADEGA apoiou a manifestación celebrada o 28 de novembro en Pontevedra, cuxas demandas comparte. Baixo os lemas "ENCE-Caixa Galicia e o PP destrúen o noso futuro" e "Papeleira si, pero non aí", a manifestación foi convocada pola Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) e por outras 15 organizacións sociais e políticas. Coa concorrencia dunhas 10.000 persoas, a manifestación foi todo un éxito para mostrar unha vez mais o claro rexeitamento da cidadanía a unhas instalacións fortemente contaminantes. Contodo, ENCE pretende aproveitar que os actos ficaron deslucidos pola forte chuvia para restarlle apoio a mesma.

A papeleira que ENCE pretende instalar en Lourizán suporía a consolidación do complexo industrial ENCE-ELNOSA na súa ubicación actual, o que impediría a recuperación ambiental da comarca de Pontevedra, necesaria para a mellora da

saúde e, en xeral, da calidade de vida da súa poboación, así como para o potenciamento de actividades produtivas directamente vencelladas á calidade ambiental (pesca, marisqueo, turismo).

O goberno galego decidiu declarar o proxecto de ENCE de incidencia supramunicipal para, de xeito antidemocrático, facilitar a súa tramitación e evitar a oposición do goberno municipal de Pontevedra. Esta oposición é compartida por todos os gobernos dos municipios da ría de Pontevedra, agás o de Sanxenxo.

ADEGA demanda a retirada do actual proxecto e o traslado a curto prazo do complexo ENCE-ELNOSA a unha ubicación non prexudicial para o medio, o mantemento dos empregos actuais e a creación doutros novos, o aproveitamento sustentábel dos recursos naturais e a recuperación integral da ría de Pontevedra. Por todo isto, ADEGA tamén se pro-

nuncia en contra da declaración de "non necesariedade" do carácter de dominio público marítimo-terrestre dos actuais terreos de ENCE-ELNOSA, gañados ao mar gracias a unha concesión deste dominio que remata o ano 2018. ENCE pretende agora facer irreversible e indefinida a súa propiedade sobre un terreos que non lle pertencen.



Moncho Soto

RECENTEMENTE PUBLICADOS NOVOS ATLAS E LIBROS VERMELLOS DOS VERTEBRADOS DE ESPAÑA

• *Atlas y libro rojo de los peces continentais de España.*

Ignacio Doadrio (ed.). 2002. Dirección General de Conservación de la Naturaleza.- CSIC (2ª edición). Madrid. 374 pp. ISBN 84-8014-313-4.

• *Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Réptiles de España.*


Pleguezuelo J. M., R. Márquez y M. Linaza, (Eds.) 2002. Dirección General de Conservación de la Naturaleza -Asociación Herpetológica Española (2ª impresión). Madrid, 587 pp. ISBN 84-8014-450-5.

• *Atlas de las aves reproductoras de España.*

Martí, R. y Del Moral, J. C. (Eds.) 2003. Dirección General de Conservación de la Naturaleza - Sociedad Española de Ornitología. Madrid. 733 pp. ISBN 84-8014-474-2.

• *Atlas de los Mamíferos terrestres de España.*

Palomo, L. J. y Gisbert, J. 2002. Dirección General de Conservación de la Naturaleza- SECEM-SECEMU. Madrid. 564 pp. ISBN 84- 8014 - 431 - 9.



Un atlas dun grupo de especies, neste caso os vertebrados, é basicamente o cartografado, máis ou menos preciso, da distribución dese grupo de especies nun territorio concreto. O Ministerio de Medio Ambiente ven de publicar en catro volumes os novos atlas de distribución dos vertebrados terrestres do estado: o primeiro foi o de peixes, seguido polo de anfibios e réptiles, mamíferos e aves. Nun mapa de todo o estado dividido en cuadrículas de 100 km² plásmase a presenza ou ausencia de cada especie de tal xeito que se obtén unha representación moi precisa da súa distribución;

igualmente nalgúns casos estimanse tendencias das poboacións.

Estes traballos foron desenvolvidos en colaboración con diferentes grupos de expertos, pertencentes tanto a entidades profesionais como ambientalistas, que fixeron o traballo de campo, recompilaron a información e plasmárona en mapas, sacando as conclusións oportunas. No caso dos mamíferos e aves, o traballo de campo contou coa colaboración de dúas de especialistas.

Por outra banda, un 'Libro Vermello' consiste fundamentalmente na asignación dun status a cada especie segundo o grado de ameaza á que se atope sometida, apuntando igualmente ás cousas que orixinan dita ameaza.

Sen ningunha dúbida trátase dun traballo fundamental para actualizar o coñecemento de boa parte da nosa biodiversidade e as súas tendencias o que sen dúbida é unha arma básica na defensa da mesma.

Polo que respecta a Galiza, podemos observar a tendencia preocupante dalgunhas especies que reducen a súa área de distribución, paso previo para a súa desaparición; igualmente, obsérvase tamén a proliferación de especies alóctonas, introducidas por diferentes razóns, que poden ameazar a supervivencia de especies propias. Neste senso, inda que se trata dunha obra que abranque todo o estado, é fundamental cara a conservación da natureza galega.

ADEGA-Cadernos "Pesca sustentábel" "Medio ambiente litoral"

Veñen de ser publicados. O número 9 está dedicado á pesca sustentábel, abordando cuestións como a sobreexplotación das pesqueiras, o impacto da pesca nos ecosistemas, pesca e emprego e a reforma da Política Común de Pesca. O número 10 aborda a problemática do litoral antes do Prestige, incluíndo unha descrición dos valores ecolóxicos e productivos do noso litoral, e varios artigos sobre os problemas e riscos de deterioración, entre os que destacan a contaminación por tributilestano (TBT) procedente das pinturas de buques e outras instalacións portuarias, e a erosión do litoral, que conduce á perda das praias. Os dous números recollen os relatorios das xornadas "Galiza e o mar" (novembro 2002). Máis información na nosa web:

www.adegagaliza.org

Porto Alegre se mueve

Libro que recolle 19 opinións (de Bernard Cassen, Paul Nicholson, João Pedro Stédile, Tariq Ali,...) sobre o futuro do FSM. Trata de cuestións como o papel dos movementos sociais e os partidos políticos, a función da recén constituída Rede Mundial de Movementos Sociais,... Está editado por Los Libros de la Catarata.

DOCUMENTACIÓN

Fórum Social Europeo (FSE). Do 12 ao 15 de novembro tivo lugar en París a segunda edición do FSE, que se enmarca no proceso desencadeado polo Fórum Social Mundial (FSM) de Porto Alegre. Webs: agenciartatamainor.uol.com.br/fse2003.htm acp.sindominio.net.

Seminario Galego de Educación para a Paz. Na web do SGEP hai informacións sobre as súas actividades e publicacións, noticias, opcións de ciberactivismo e programa de actividades para o curso 2003-2004. www.sgep.org

Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo. Informa sobre as desfeitas que están a

provocar as xa iniciadas obras de construción da vía rápida. www.morrazo.org

EcoConcern. EcoConcern-Innovación Social é unha interesante asociación nacida en Barcelona en 1991 que traballa pola promoción de iniciativas innovadoras para a mellora social e a sustentabilidade. www.pangea.org/ecocconcern


Instituto Socioambiental. A web dunha das principais organizacións ambientalistas brasileiras permite seguir de perto a situación dun dos patrimonios ambientais máis importantes do planeta nun momento decisivo marcado polo novo goberno de Lula. www.socioambiental.org

APRESENTADA A PROPOSTA DAS GREEN EIGHT

PARA UMHA CONSTITUIÇÃO DA UE MAIS VERDE

Xosé Maria García Villaverde*

Desde o pasado mes de Outubro, os Estados-membro da UE e os países de próxima incorporación están a negociar, sobre o borrador aprobado pola Convenção Europeia, a futura Constituição da UE, que será submetida a referéndum em Junho de 2004. As Green 8, as oito grandes organizações ambientais europeias, apresentáron em Agosto o documento que, co título Cara umha Constituição Verde da UE, recolhe as suas propostas de emendas ao borrador de Carta Magna. A versom en galego pode-se ler em www.adegagaliza.org.



Desde o passado mes de Outubro, os Estados-membro da UE e os países de próxima incorporación están a negociar, sobre o borrador aprobado pola Convenção Europeia, a futura Constituição da UE, que será submetida a referéndum em Junho de 2004. As Green 8, as oito grandes organizações ambientais europeias, apresentáron em Agosto o documento que, co título Cara umha Constituição Verde da UE, recolhe as suas propostas de emendas ao borrador de Carta Magna. A versom en galego pode-se ler em www.adegagaliza.org.

A elaboraçom dumha Constituição para a Uniom Europeia supom a criaçom dum fito fundacional, um momento que deveria ser de máxima deliberaçom e participaçom cidadá, umha ocaçiom imelhorável para a reflexom sobre qual é a Europa e o Mundo que queremos. Sem embargo esta oportunidade semelha estar a ser desaproveitada, chegando à cidadania pouco mais do que as desputas sobre quotas de poder dos Estados e o debate sobre a inclussom dumha alusom às raízes cristás de Europa. Pretenderám reduzir o papel da cidadania à

simples participaçom num referéndum no que só poda optar entre o si ou o nom à futura Carta Magna da UE? Desde logo, essa é a impressom que dá, e nom parece o melhor modo de construir nada... Laiarám-se despois pola escasa participaçom nas eleiçoms europeias? Voltaremos escoitar que existe umha funda preocupaçom polo pouco interese que a cidadania amosa cara todo o que representa a UE?

Qualquer que seja a intençom das elites políticas europeias, o facto de que umha proposta de Constituição da UE vaia ser apresentada e submetida a referéndum abre umha estrutura de oportunidade favorável ao debate e mobili-

Aprobar umha constituição da UE deve ser umha oportunidade para o debate e a mobilização da sociedade civil. A proposta das Green 8, centra-se na democracia participativa como elemento essencial do desenvolvimento sustentável, o reforçamento do Parlamento Europeu, a abolição do Tratado Euratom e a sustentabilidade

zaçom no seio da sociedade civil arredor de toda umha série de temas de interese que, dum ou doutro modo, serán afectados polo futuro texto constitucional: sustentabilidade, justiça social, paz, democracia, direitos civis...

A proposta das Green 8, apresentada de forma singela e atraínte, pode-se ler em inglês e francês em www.eeb.org, e, traduzida ao galego, em www.adegagaliza.org. O documento recolhe umha série de "sugestons simples, realistas e concretas" dirigidas à Comissom Europeia e o Parlamento Europeu, aos governos e membros dos Parlamentos dos Estados implicados e a qualquer pessoa

interesada na promoçom da melhora do ambiente e o desenvolvimento sustentável dentro e fora da UE. Centra-se na democracia participativa —"elemento essencial do desenvolvimento sustentável"—, o reforçamento do Parlamento Europeu, a aboliçom do Tratado Euratom —co que se instituiu a Comunidade Europeia da Energia Atómica e que é integrado no borrador da Constituição— e a sustentabilidade —tanto com propostas relativas à políticas sectoriais da UE, como apoiando, com aporçoms próprias, a iniciativa da Comissomada Wallström de engadir um Protocolo de Desenvolvimento Sustentável—, entendendo, ademais, que o desenvolvimento sustentável nom é possível sen justiça social.

As Green 8 já apresentaram posicionamentos conjuntos perante os tratados de Maastricht, Amsterdam e Niza, e venhem achegando propostas em comum á Convenção desde o começo dos seus trabalhos. Aliás, as Green 8 fam parte do mais amplo Grupo de Contacto da Sociedade Civil, integrado por ONGs para o desenvolvimento, ambientais, de direitos humanos e sociais, assi como pola Confederaçom Europeia de Sindicatos. O Grupo de Contacto, que elaborou propostas sobre desenvolvimento sustentável e democracia participativa, está a levar adiante a campanha Act4Europe (www.act4europe.com).

*Xosé Maria García Villaverde é Vocal de Pacifismo e Globalizaçom de ADEGA

Nota:

As Green 8 som Birdlife International, Climate Action Network Europe, European Environmental Bureau (EEB, da que forma parte ADEGA), Friends of the Earth Europe, International Friends of Nature, Greenpeace International, The European Federation for Transport and Environment e WWF-World Wild Fund for Nature.

SANTIAGO ENTRA EN SOGAMA

UN PASO MÁIS NA DESTRUCCIÓN DO NOSO PAÍS

Xan Duro*

Lamentablemente, o Concello Santiago aprobou o pasado 13 de novembro (data que leva camiño de converterse en "fatídica" para o medio ambiente), nun Pleno Urxente Extraordinario e cos votos a favor do PSOE e o PP e a oposición do BNG, a concesión a SOGAMA da xestión dos residuos sólidos urbanos (RSU) do Concello para os próximos 15 anos.



DECISIÓN Á MARXE DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Tras un proceso de lexitimación ficticia a través dunha Comisión de Resíduos integrada polos tres grupos políticos do Concello e técnicos municipais, certifícouse unha decisión que se sabía tomada de antemán, polas preferencias manifestadas con anterioridade polo Alcalde, quen sempre criticou a compostaxe, sen atopar a máis mínima eiva á incineración.

Calificamos este proceso de "lexitimación ficticia" porque en ningún momento se tivo en conta a opinión da cidadanía. O Concello de Santiago comezou na pasada lexislatura a traballar na aplicación da Axenda 21 Local (procedemento paralisado neste momento). Entre as múltiples liñas de traballo desta Axenda, está a participación veciñal a través de distintos Consellos constituídos no seu momento. Un dos máis sinalados é o Consello Municipal de Medio Ambiente. Nel participan todos os grupos políticos do Concello, técnicos municipais, as asociacións de veciños/as, os grupos ecoloxistas, sindicatos, asociacións xuvenís, Protectora de Animais, Asociación de Consumidores, empresarios, a USC, a Consellería de Medio Ambiente e varios expertos nomeados polo Concello. Este Consello ten a obriga, recollida nos seus estatutos, de reunirse cada tres meses para, entre outras cousas:

1. Informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propoñer alternativas concretas aos problemas existentes na área de medio ambiente para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.

2. Ser informado dos dictames aprobados polas respectivas comisións informativas, e das resolucións e acordos do Alcalde, Pleno e Comisión de Goberno, respecto daqueles temas relacionados co seu obxecto específico.

3. Constituírse en órgano de consulta nos procesos de elaboración das disposicións normativas de ámbito municipal neste eido e, en xeral, nos asuntos de transcendencia para o medio ambiente do Concello

Este Consello leva sen reunirse dende o mes de abril, e o Alcalde non considerou a elección do sistema de xestión de RSU para os próximos 15 anos como un asunto de suficiente entidade para convocar o Consello, a pesar das peticións ao efecto, e non digamos xa unha consulta popular vinculante como solicitou ADEGA reiteradamente. Isto supón un incumprimento flagrante dos estatutos da entidade municipal e un desprezo aos/as habitantes de Santiago.

O silenciamento da cidadanía consumouse o día do Pleno, cun despreague policial descoñecido, e negando o acceso

ao mesmo a sete socios/as de ADEGA e de Oureol, que dacordo co Regulamento de Participación Cidadá en vigor, pretendían participar como público. A "razón" da negativa foi a "falta de espazo". Curiosamente, retiraran a maior parte das cadeiras destinadas ao público no Salón de Plenos e as poucas que había acupábanas o chofer e o gardacostas do Alcalde e varios dos seus asesores. Unicamente permitiron a entrada do autor deste artigo, quen tiña solicitado por escrito intervir no pleno, para o que se lle concederon cinco minutos, sen dereito a réplica.

OS ARGUMENTOS DO PSOE E DO PP Á FAVOR DA INCINERACIÓN

ADEGA ten manifestado claramente ao longo dos anos a súa postura en favor da compostaxe como eixo central, xunto coa redución e a reciclaxe, de calquera política de tratamento de RSU. Os argumentos manexados dende o grupo municipal do PSOE e o PP non fan máis que confirmar a nosa postura. As argumentacións alegadas polos dous grupos resúmense nos seguintes parágrafos.

Supostos problemas legais para poder participar na Planta de Lousame, cando a mesma figura de contrato administrativo de xestión asinado con SOGAMA podía aplicarse a Lousame.

Un informe económico que indicaba que a opción da compostaxe custaba 20_ máis por tonelada. Este informe, retificado despois, contaba con erros de bulto ao sumar como gastos o que de feito eran ingresos que recibía o Concello pola separación do lixo. A retificación foi de 640.000 € aínda que analisando polo miúdo dito informe, estimamos que o erro pode rondar 1.200.000 €. O prezo por tonelada ficarian similares.

O compost non é necesario en Galiza e non ten viabilidade comercial, habería que tiralo ao vertedoiro. Estudos do profesor Francisco Díaz-Fierros, Catedrático de Edafoloxía da USC1, amosan a enorme carencia en materia orgánica do chan

galego. Por outra banda, de termos que levar o compost ao vertedreiro, estamos diante dun material inerte, mentres que as cinzas e escouras de SOGAMA son residuos perigosos. Cando se lle indicou ao Alcalde Sr. Bugallo que o Plan Nacional de Residuos prevé a compostaxe do 50 % da materia orgánica para o ano 2006, contestou textualmente que tamén "o Plano Hidrolóxico Nacional prevé trasvases e en Galiza non se vai facer ningún".

A Planta de Compostaxe ten un vertedreiro onde irá o 45% do lixo. Non se decatan que isto significa que Lousame reciclaría o 55%, mentres que SOGAMA non atinxe máis do 2%. Ademais, esta porcentaxe pódese reducir progresivamente até o 20% ou menos. SOGAMA xera escouras e cinzas tóxicas resultantes do proceso de combustión, que precisan dun vertedreiro estritamente controlado. De feito xa ten nun vertedreiro da orde de 500.000. t de refugallós.

EN COMPOSTELA COMPOSTAXE. NON Á INCINERACIÓN

ADEGA-Compostela, en colaboración co Obradoiro Ambiental Oureol e a Sociedade Galega de Historia Natural, ten levado adiante unha intensa campaña de oposición á incineración baixo o título "En Compostela Compostaxe. Non á Incineración". As mesas informativas na rúa e as charlas en AA.VV. foron as súas actividades fundamentais. Asemade, publicaron dous números do boletín Novas do Lixo e entregaron mostras dun novo produto turístico de Santiago "Cinzas tóxicas de Compostela". No decurso da campaña constituíuse a Plataforma Cidadá contra a Incineración integrada por diversos colectivos da cidade. Dende aquí quero agradecer públicamente a Xosé María García Villaverde, Secretario Local de ADEGA e a Tino Quintela, do Obradoiro Ambiental Oureol, o intenso traballo feito nesta campaña, na que levaron o peso do traballo organizativo e de rúa, nunha admirábel mostra de compromiso co medio ambiente.

O Compost que produciría Lousame non sería de calidade, como non é o de Nostián. Esquecen que a base para un compost de calidade é a separación en orixe. Isto precisa da concienciación e educación de todos e todas para que asumamos a responsabilidade sobre os residuos que xeramos. Non é fundamentalmente unha cuestión de procesos senon da materia prima. Ahí os municipios teñen moito que aportar en campañas de educación ambiental.

A planta de SOGAMA en Cerceda é tecnolóxicamente punteira e non emite contaminantes. Fan un monitoreo diario para comprobalo. Curiosamente, se entramos na páxina web de SOGAMA, os últimos datos dese "monitoreo constante" son do mes de abril. O xerente da planta ten admitido que só analisan a presenza de dioxinas nas emisións unha vez cada tres meses polo alto custo e complexidade dese tipo de análise. A planta de Cerceda ocupa o sétimo lugar en emisións de CO₂ de Galiza só superada polas centrais térmicas (Meirama, As Pontes e Sabón), a refinería de Repsol, Ence e Cementos Cosmos.

A Planta de SOGAMA ofrece estabilidade financeira ao asegurar 44 € por t máis IPC para os próximos 15 anos, "sempre que non haxa cambios legislativos". A UE ven endurecendo os parámetros de límites de emisións constantemente e continuará nesa liña. A inten-

ción amosada pola Xunta de considerar a electricidade xerada por incineración como "renovábel" non ten visos de ser admitida. ADEGA sempre denunciou que o prezo por tonelada de SOGAMA é un prezo político, moi por debaixo dos custos reais, establecido para atraer á maior cantidade de concellos posíbeis, antes de enfrontar unha subida que realmente cubra os custos. En Cataluña o prezo por tonelada de residuo está entre 52-57 €/tn, en Gran Bretaña 78 €/t e en Italia dos 85 aos 110 €/t 2.

A contestación do Concelleiro de Facenda, Sr. Leiceaga a esta argumentación foi: "Se o prezo de SOGAMA é político, ¿porqué imos a ser os únicos que non se aproveitan del?". Porque os prezos políticos cambian Sr. Leiceaga, e probablemente antes do que espera, e de seguro que para peor.

OUTROS INTERESES EXPLICAN ESTA DECISIÓN

En definitiva, argumentacións pouco consistentes que agochan outros intereses detras da decisión tomada. De certo, nunca se estivo a falar dende o Goberno Municipal do PSOE de xestión de residuos, nen tivo importancia máis aló da económica. Discutiase, posiblemente, a asignación orzamentaria do Estatuto da Capitalidade, a aprobación das contas municipais..., resumindo, as posibilidades de gobernar en solitario do PSOE. Un feito ilustrativo desta farsa foi o titular da sección de Compostela de La Voz de Galicia ao día seguinte do Pleno Extraordinario: "O PSOE e o PP pactan a política fiscal do 2004 tras o acordo de rebaixar o IBI" ¿Coincidencia?

*Xan Duro é Presidente de ADEGA

Bibliografía:

- 1 Díaz-Fierros V., Francisco. A Materia orgánica nos solos de Galicia. ADEGA - Cadernos nº6
- 2 SOGAMA, nº 0-1. 1º semestre 2003. Pax, 28



MARTA DOMÍNGUEZ, DOUTORA POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

USO DO COMPOST NOS SOLOS DE CULTIVO DE GALIZA

Cerna/msc

Marta Domínguez defendeu o pasado setembro a súa tese de doutoramento, titulada *Avaliación do compost como emenda orgánica de solos de cultivo de Galicia*, e dirixida pola profesora Maria Teresa Barral e o catedrático Francisco Díaz-Fierros. Os beneficios agro-ambientais do compost derívanse tanto da relativa carencia de materia orgánica nos solos galegos como do seu poder fertilizante, ao tempo que a recollida selectiva da fracción orgánica do lixo móstrase suficiente para limitar a presenza de contaminantes no mesmo.

Con esta investigación facilítase a comercialización do compost e ponse de manifesto a necesidade de análíticas químicas antes do seu uso, e se avanza na implantación e mellora da recollida selectiva do lixo. Os resultados cuestionan aspectos das políticas galegas de xestión de residuos orgánicos e de fertilización agraria, e ofrecen argumentos ás entidades públicas e privadas que obtan pola reciclaxe da materia orgánica.



O compost é un fertilizante orgánico que se pode fabricar a partir de diversos residuos

XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

A agricultura tradicional en Galiza baseouse na transferencia de fertilidade desde as terras a monte ás terras de labradío, mediante a corta de material vexetal, a súa utilización como cama de gando e a posterior aplicación ao solo agrícola na forma de esterco. Isto permitiu durante séculos manter os niveis de materia orgánica nos solos e achegar os elementos fertilizantes que necesitaba.

Esta práctica desapareceu bruscamente nas últimas décadas. Así, a lóxica necesidade de coñecer cales son os requirimentos e a evolución da materia orgánica nos solos de Galiza xa tiña sido abordada por Díaz-Fierros (véxase o Adegas-Cadernos nº 6) para o conxunto da Comunidade Galega. Estes estudos puxeron en evidencia a perda de materia orgánica nos solos agrícolas como consecuencia dos cambios nas prácticas

de cultivo, unha tendencia evidente hoxe en moitos solos de Europa e Norteamérica.

O mantemento ou incluso a elevación dos contidos en materia orgánica do solo pasa a ser unha prioridade, por dúas razóns: a) para favorecer a conservación da calidade dos solos; b) para

Mantermos o contido en materia orgánica do solo é necesario para a conservación da súa calidade e para contrarrestar o efecto invernadoiro

contrarrestar o efecto invernadoiro, actuando como sumidoiro de carbono.

Tanto as excretas gandeiras como os residuos sólidos urbanos, os fangos de depuración, ou os residuos agroindustriais son fontes de materia orgánica. A súa aplicación ao solo hase de harmoni-

zar cos criterios de calidade ambiental e de eficiencia económica.

En Galiza están xa operativas dúas plantas de tratamento do lixo que producen compost e pode haber mais no futuro próximo. Entre as posíbeis e diversas aplicacións do compost destaca sen dúbida a súa utilización como emenda en solos de cultivo, do que xurxe a necesidade de coñecer os efectos desta emenda na calidade do solo e no rendemento dos cultivos, e establecer pautas de aplicación que orienten ao usuario galego, aínda pouco familiarizado con este produto.

Xa que logo, foron obxectivos desta investigación o coñecer o efecto do compost sobre as propiedades físicas, químicas e biolóxicas dos solos de cultivo, e sobre o rendemento dos cultivos. Tamén se determinou a velocidade coa que se mineralizan o carbono e o nitróxeno do compost e a liberación de nutrientes a que dan lugar.

EXPERIENCIAS REALIZADAS

Realizáronse experimentos en campo, invernadoiro e laboratorio. En campo realizáronse ensaios en solos de cultivo de millo, de crisantemo en invernadoiro, e de pataca, todos eles representativos da agricultura galega. Neste último, comparouse o efecto do compost no solo co dun fertilizante inorgánico. Por outra banda, a mineralización do carbono e do nitróxeno do solo estudouse en cultivos de herba de Vigo (*Lolium multiflorum* Lam.) en macetas baixo invernadoiro e en laboratorio.

Empregáronse compost de tres orixes diferentes, un de lodos de depuradora e os outros dous de fracción orgánica

do lixo. No referido a metais pesados, todos eles cumprian a normativa española sobre lodos e fertilizantes, así como a directiva europea sobre lodos, pero só o terceiro cumpria as especificacións da Ecoetiqueta da UE. Unha partida deste último tamén cumpria na maioría dos parámetros as esixencias para agricultura ecolóxica. O compost obtido a partir de lodos, aínda cumprindo as normativas en vigor, contiña entre 5 e 10 veces máis metais pesados que os procedentes da fracción orgánica do lixo.

Os solos de estudo presentaban inicialmente, antes de engadir o compost, un contido en materia orgánica entre medio e baixo (3-6%), contidos medios ou altos en nutrientes minerais, e exceso dalgúns metais pesados, como o cobre, o níquel ou o chumbo.

ALGÚNS RESULTADOS

Observáronse aumentos variábeis da produción nas parcelas con compost, de até o 50% por riba das parcelas control no caso dos cultivos de millo, crisantemo e erva de Vigo.

O compost de lodos de depuradora aplicado no solo de cultivo de millo en Cangas, supuxo un incremento significativo en materia orgánica, calcio e magnesio asimilábel para a planta, e tamén en níquel asimilábel e total. No caso do cultivo de crisantemo, o mesmo compost incrementou o contido en nitróxeno total e potasio asimilábel, e nas formas asimilábeis do Zn, Cu, Ni e Pb presentes no solo, así como do Zn total.

No cultivo de pataca en Mabegondo, o compost modificou as súas propiedades tanto físicas como químicas e biolóxicas do solo: supuxo un incremento da súa humidade e da súa porosidade total,



As plantas de compostaxe permiten transformar a fracción orgánica do lixo nun fertilizante estabilizado, o compost, pero a calidade deste depende dunha boa recollida selectiva

unha diminución da densidade aparente e da perda de solo ante a acción da choiva, incrementou o pH, o carbono e a materia orgánica total, as formas de nitróxeno amoniacal e inorgánico, e mellorou propiedades biolóxicas tais

O compost de calidade mellora a case totalidade das propiedades físico-químicas e biolóxicas dos solos. No caso do lixo, a súa calidade garántese cunha boa recollida selectiva

como a actividade enzimática e a biomasa microbiana. Incrementou as formas asimilábeis de K, Ca, Mg e P e o contido en Fe, Zn, Cu, Pb e Ni asimilábeis.

Por último, a aplicación de compost, tanto maduro como inmaduro, nun cultivo de crecemento rápido, como a

herba de Vigo, tamén produciu melloras nas súas propiedades químicas e biolóxicas.

CONCLUSIÓN

O uso do compost en terreos agrícolas permite mellorar a case totalidade das propiedades físico-químicas e biolóxicas dos solos. O contido en metais pesados pode verse incrementado cando estes están presentes en grandes cantidades no compost. Este é o caso do compost de lodos de depuración usado nesta investigación, e trátase ademais dun risco importante na maioría dos lodos de depuración que habitualmente se empregan na agricultura. Porén, os compost de recollida selectiva do lixo minimizan axeitadamente este risco, podendo chegar en función da calidade da recollida a alcanzar os requirimentos máis estritos como os definidos para a agricultura ecolóxica.

A MATERIA ORGÁNICA DO SOLO: INDICADOR DE CALIDADE E FACTOR DE EQUILIBRIO ECOLÓXICO

Para o crecemento das plantas, un solo de boa calidade achega fertilidade, subministra os nutrientes necesarios e alberga unha comunidade de microorganismos capaz de reciclar eses nutrientes a través da descomposición da materia orgánica, e axuda ás plantas a resistiren enfermidades. Por outra banda, o solo regula o fluxo da auga e serve como tampón ambiental, transformando substancias perigosas noutras que non o sexan. A conservación dos solos vai emparellada ao concepto de agricultura sustentábel.

A cantidade e o tipo de materia orgánica é un indicador de calidade, relacionado

coas restantes propiedades do solo. As prácticas de manexo que engaden pouca materia orgánica ao solo ou o laboreo excesivo conducen a contidos reducidos en materia orgánica e isto incrementa a perda de solo superficial por erosión. Ademais, baixos contidos en materia orgánica reducen a capacidade de retención de auga, o que agrava a vulnerabilidade fronte ás secas e ás chuvias excesivas e potencia o efecto erosivo. Asimesmo, coa perda de materia orgánica pérdese nitróxeno, fósforo e outros nutrientes, mermando a fertilidade e capacidade para producir alimentos. A actividade biolóxica e a biodiversidade dun

solo tamén dependen en grande medida dos niveis de materia orgánica.

Na maioría dos solos agrícolas, o contido en materia orgánica varía no rango do 1% ao 10%, aínda que se poden acadar porcentaxes superiores, que chegan a ser de máis do 90% nos solos hidromorfos (turbeiras). Os solos son un grande almacén de carbono. Na actualidade, os solos secuestran unha cantidade de carbono equivalente ao 25% do total enviado a atmosfera, incluíndo as emisións dos combustíbeis e os incendios florestais, pero esta contribución sería moi superior se se evitaban as perdas que están a ter lugar en moitos solos.

"A COMPOSTAXE CASEIRA É UNHA OPCIÓN MOI INTERESANTE PARA MOITOS CONCELLOS GALEGOS"

- Que aspecto destacarías da tua investigación

- Desde o punto de vista persoal, foi positivo o ter traballado nun equipo de investigación coa experiencia dos profesores María Teresa Barral e Francisco Díaz-Fierros, e ter aberto esta nova liña, que comezou en 1997, canda o plan da Mancomunidade do Morrazo. Pero a continuidade do traballo supuxo un gran esforzo, ao carecer de apoio institucional, agás por aquelas Mancomunidades que se desvincularon de SOGAMA. A inestabilidade nestes proxectos asomaba cada vez que se daban cambios políticos nos gobernos municipais.

- É imprescindible que os solos conteñan materia orgánica?

- É. A súa cantidade e tipo considérase un indicador de calidade, e o seu déficit unha das principais ameazas para os solos da UE. No Estado español a desertización afecta ao 31 % do solo. Na Galiza, o intenso laboreo e o clima temperado-húmido fan que a materia orgánica do solo se oxide con facilidade, desaparecendo pouco a pouco. Estímase que o 28% da superficie agraria útil de Galiza presenta valores baixos en materia orgánica.

- Que riscos comporta o uso do compost nos solos agrícolas?

- Un compost de calidade supón beneficios e ningún risco. Este compost debe ser maduro e equilibrado en nutrientes, con boas propiedades físicas e baixo contido en contaminantes. Pero hai diferentes calidades de compost, axeitados para o selado de vertedoiros, para a recuperación de solos marxinais ou degradados, etc., e en solos agrícolas deberán ser empregados composts de calidade alta. Hai riscos cando o compost é de lodos de depuradora, que poden conter altas cantidades de metais pesados.



Marta Domínguez traballa actualmente como técnica na planta de reciclaxe e compostaxe do Barbanza

- E cando se trata de compost de recollida selectiva do lixo?

- A fracción orgánica do lixo separada adecuadamente en orixe permite a obtención dun compost de alta calidade, cando se fai un axeitado control do proceso de compostaxe na planta. E temos que destacar a compostaxe caseira, en composteiros individuais, é unha opción moi interesante para moitos concellos galegos, nos que moita xente vive en asentamentos de tipo disperso.

- Que opinión téns da actual política galega de residuos?

- Está lonxe da lexislación sobre residuos existente en Europa ou no Estado, dos obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe. O obxectivo estatal de compostar o 50 % da materia orgánica dos residuos sólidos urbanos ao final do 2006 non existe na Galiza. Esta política defende só os intereses de SOGAMA, lonxe de criterios legais, medioambientais ou incluso poderíamos falar dos económicos.

- Que valoración che merece a planta de Nostrián?

- Dispón dunha tecnoloxía avanzada, baseada na biometanización e na compostaxe, cos medios necesarios para poder obter un compost de calidade. Para isto é imprescindible que a separación en orixe sexa boa. As campañas de concienciación tiveron moi boa resposta por parte da cidadanía, con cifras satisfactorias de separación, pero deben repetirse ano a ano para manter ese comportamento.

- No Barbanza hai unha tecnoloxía de compostaxe diferente?

- Trátase dunha tecnoloxía sen biometanización, non excesivamente cara e que permite un axeitado control do proceso. Baixo a miña opinión, este modelo de planta ou incluso con tecnoloxías máis sinxelas, debería ser o modelo a seguir na maior parte de Galiza. Pero tamén aquí o éxito da planta dependerá da separación en orixe. Estamos na posta en marcha, tratando o lixo dos Concellos de Brión, Lousame e Porto do Son. Estase a realizar unha campaña de concienciación porta a porta, xunto con actividades en centros de ensino e asociacións veciñais.

- Pasados doce anos de Mougá, qué é o que limita o éxito da compostaxe en Galiza?

- O atranco principal é a política de residuos da Xunta, da que xa falamos. Ademais a compostaxe dos residuos debe ser entendida nun conxunto, desde as características da zona onde se xeran os residuos que se han de tratar ata a obtención do compost final e o seu uso. Neste camiño están implicados as diferentes administracións, os propios cidadáns e os xestores das plantas de compostaxe, cada un coa súa parte de responsabilidade. Serán imprescindibles experiencias nas que a obtención dun compost de calidade sexa unha realidade. É un camiño longo, pero hai exemplos desa realidade.

CONSUMO RESPONSÁBEL NO NADAL

Ramsés Pérez

"Na Natividade as familias ceaban xuntas o bacallau, porque era vixilia, unhas tostadas, viño quente e confituras caseiras. O lume non se apagaba, a mesa quedaba posta..." dicíanos Antonio Fraguas Fraguas no seu libro A Festa Popular en Galicia.

O nadal pasou, hoxe, a converterse nunha celebración chea de luz, adornos, xantares copiosos e cunha morea de agasallos en tendas e hipermercados, esperando a ser consumidos e regalados, deixando un ronsel de refugallos en formas de caixas, papeis, laciños multicores, etc. Pasou de ser unha celebración sinxela e "austera" a converterse na máxima expresión dunha sociedade opulenta, despilfarradora e insolidaria, co planeta e cos seres que nel habitan. Se a sociedade occidental é coñecida como a sociedade do consumo, en nadal convértese nunha sociedade hiperconsumista.

Durante o ano acósannos con publicidade en xornais, TV, radio, valos publicitarios, etc, o afecto dos "días de", pai, nai, namorad@s... convértenno en negocio, pero nestas datas do nadal, a presión publicitaria multiplícase por dez. O "Felices festas" é sinónimo de merças a oito para adornar a nosa casa e a nós mesmos.

En nadal xenérase un gasto enerxético superior ao do resto do ano así como un maior consumo de produtos e produción de residuos. Productos alimenticios, xoguete para @s cativ@s, perfumes para mulleres e homes, etc, tradúcense sen que a maioría da sociedade o perciba nunha maior depredación dos limitados recursos do planeta.

Desde mediados ou xa desde comezos de novembro chegan ás nosas casas dúcias de folletos e revistas publicitarias invitándonos a consumir (Juguetos-95 páxinas cor, El Corte Inglés-Xoguetes 150 pax. toda cor, etc). Revistas que mancan os ollos co seu colorido e cunha calidade de papel excesiva (máis que publicidade parecen libros) e que ecolóxica e cinicamente na contracapa nos convidan a reciclar a revista, ao tempo que nos regalan as pilas de todos os agasallos que merquemos e as precisen.



Flaberto SR

Producimos entre un 50 % e un 75% máis dos residuos habituais. Un "lixo de luxo" constituído por envases e embalaxes son da mellor calidade que nos podemos atopar no mercado, laciños multicores, paquetes "etiqueta ouro", caixas de madeira para as cestas... no que

comó unha metáfora de nosa sociedade, prima o continente ao contido, a apariencia á esencia.

As responsables somos todas; as persoas e as administracións, polo que debemos esixir normativas serias que

CONSELLOS PARA UN NADAL MÁIS ECOLÓXICO

Na casa:

- Reutiliza o papel de agasalho, louvate de telo feito e convida as demais persoas a que o fagan
- Pacta o intercambio de agasallos, evitarás cousas innecesarias e inútiles
- Tenta empregar obxectos sen pilas, de facelo procura que sexan recargables

Na mesa:

- Que o teu bandullo non devore o planeta, moitos dos produtos postos na mesa nestas datas (piñas, langostinos...) proceden de explotacións antiecolóxicas que acaban coa biodiversidade do planeta
- Merca alimentos ecolóxicos, pola tua saúde, a d@s labreg@s e a do planeta
- Dende a tua mesa, apoia proxectos ecolóxicos e solidarios, entre outros hai turróns artesanais, e chocolates de comercio xusto

De compras:

- Evita os embalaxes, rexeita bolsas, lazos e etiquetas

- Fai agasallos artesanais

- Os agasallos sen pilas son máis creativos e non producen residuos perigosos
- Animais de compañía, gatos, cadelos son seres vivos, non xoguete. Os cadelos acaban medrando..... e moitas veces abandonados
- As mascotas (tartarugas, iguanas, cotorras, etc) tamén acaban abandonadas en calquera lugar, converténdose nunha causa de perda de biodiversidade
- Organízate para non ter que levar o coche a compra (os reis magos tampouco o empregaban). Vai camiñando, en bici ou en bus
- Móviles e outros electrodomésticos; realmente precisas mudalo ou o precisas as compañías?

Nas festas:

- Que ao rematar non pareza unha esterqueira. Non empregas vasos, pratos, etc de usar e tirar, controla o volume da música, coloca contentores para distintos residuos e reutiliza os refugallos. Non compres máis produtos dos necesarios: se non sobra nada, mellor.

reduzan o despilfarro. Pedir bombillas de baixo consumo ou microbombillas para o alumado público, limitar as horas de encendido, etc, no tema enerxético, ou demandar ordenanzas de residuos rigorosas, que incidan na responsabilidade dos comerciantes no tema dos embalaxes, ordenanzas municipais que impidan que chegue esa publicidade masiva a quen non a solicitou.

A solución ao problema non é nova, esta pasa pola aplicación dos tres erres. Ou mesmo agora que esta tan de moda engadirlle erres, aos tres "tradicionais", poderíamos falar de Reflexión, Re-pensar o que precisamos (ou precisan) e cuestionarmos todo o que supón o noso consumo xa que a excesiva acumulación de "cousas" leva a non valorar o que se ten.

Á hora de aplicar os erres non deberíamos facelo de maneira perversa, é dicir comenzando polo R final, de reciclaxe, mercando e xenerando residuos sen control, "xa que logo se van reciclar". O R de reducir é o máis importante (por algo vai de primeiro), xa que se non reducimos o consumo dificilmente solucionaremos problemas como o da esquilma dos recursos, a contaminación derivada da transformación das materias primas así como o transporte e os residuos xenerados polos produtos que mercamos, en definitiva mais ben-estar non quere dicir mais ben-ter.

Como di o terceiro punto do decálogo de comercio xusto da Cova da Terra: Que non te cambien a festa: Nadal non significa consumir. Non sexas monicre-que da publicidade (www.covadaterra.org).

Para afondar nas posibilidades dun cotián máis ecolóxico visita a sección "Ecoloxía no cotián" de www.adegagaliza.org. Recorda que en moitas das nosas cidades e vilas existen tendas de comercio xusto, mercados con produtos locais e tendas ecolóxicas para as tuas compras. Agora algúns consellos para un nadal máis ecolóxico e FELICES FESTAS!.

PASA A ACCIÓN

Caso práctico 1:

Na casa e na escola

Recolle toda a publicidade que chegue ao teu buzón da tua casa durante o mes de nadal. Traballa con ela, divídeala por empresas a ver cantos monográficos che envían (xoquetes, perfumes, electrodomésticos, ferramentas, ...), por clases de papel, etc, ao final de mes pésaos todo a ver cal é o gasto en papel.

Se che resultou curioso o tema podes estender esta experiencia ao resto do ano. Compara a publicidade por estacións, por festas ou "días de", nai, pai, etc. Manifesta, no caso de que sexa así, o teu rexeitamento a este gasto inútil de papel, enviando unha carta ao teu concello, e ás empresas que fan un gasto excesivo en publicidade.

Caso Práctico 2:

Cesta ecolóxicamente xusta

Nestas datas son numerosas as cestas de nadal que se sortean ou rifan en bares, asociacións, etc, ou coas que agasallan as empresas aos seus empregados. A grande maioría destas cestas fanse no terceiro mundo por nenos e nenas, e os seus produtos son unha representación da ONU, o que estaría ben se non fose polo gasto de enerxía e transporte que conleva.

Se che preocupa o medio ambiente, fai unha cesta galega e ecolóxicamente xusta:

- Comeza pola Cesta: a biodiversidade galega está presente na nosa diversidade cultural. A cestería galega é un bo exemplo disto, de bimbio, de carballo, ... merca unha cesta feita en Galiza.

- Viño e licores: o noso país, non ten nada que envexar o resto do mundo

- Mariscos, peixes, verduras, carnes, froitas: posúen unha gran calidade e son tamén mostra da nosa biodiversidade

- E para larpeiradas: bolos, bicas, amaendoados, etc, non hai como os caseiros

- En tendas de comercio xusto poderás mercar turróns, chocolates, cafés e outros produtos que completarán e enriquecerán as tuas mercas de nadal.

Non hai desculpa, se realmente che preocupa o medio ambiente, o desenvolvemento do teu país, e o "internacionalismo" solidario, fai e esixe unha cesta de nadal ecolóxicamente xusta.

Caso Práctico 3:

Visita a páxina 42 de Cerna e comprométe coa defensa ecolóxica de Galiza facéndote socio/a de ADEGA

LE, REFLEXIONA E DIFUNDE:

Os Papalagi (homes e mulleres occidentais) son pobres por causa das moitas cousas.

Poderedes recoñecer tamén o Papalagi polo seu desexo de nos facer crer que somos pobres e miserables e que necesitamos de moita axuda e piedade, por non posuímos "cousas".

Así comeza o terceiro capítulo do libro de peto publicado por Edicións Positivas, titulado Os Papalagi, (2000) que reproduce os discursos do Xefe Samoano, Tuiavii de Tiavea, ao seu pobo logo de visitar o mundo occidental. Unha maneira diferente de reflexionar sobre o absurdo e a estupidez do mundo occidental, acostumado ao etnocentrismo, e de re-pensarnos como galegas, neste planeta globalizado.

cafe-bar



a medusa
praza salvador parga nº 1

¿ONDE MERCAR PRODUCTOS ECOLÓXICOS NA CORUÑA?

ADEGA-Coruña*

Optar por un consumo responsable co medioambiente choca coa dificultade de atopar produtos ecolóxicos, fabricados de xeito que impacten o mínimo posible sobre o medio natural. Dende ADEGA-Coruña fixemos unha reportaxe das tendas existentes e produtos deste tipo ofertados, sempre dentro do ámbito xeográfico da nosa cidade.

Hoxe contamos con cinco tendas, que recomendamos visitar. Nelas atopamos sorprendentemente gran variedade de produtos que polas súas características aportan unha mellora na vosa calidade de vida, tanto no que se refire á saúde (libres de aditivos, de fertilizantes, pesticidas, etc) coma no sabor e o aroma dos alimentos. Ademais, elixir estes produtos é un compromiso coa Natureza, un impulso á produción baixo criterios de sustentabilidade ambiental e, en moitos casos, a unha economía máis solidaria.

HORTA SANA

Horta Sana xurdiu no seo do "Grupo de Agricultura Ecolóxica do Sindicato Labrego Galego", cando un grupo de produtores, que estaban a recibir formación neste ámbito, decidiu asociarse e buscar unha vía de comercialización dos seus produtos. As explotacións encóntranse na zona das Mariñas (Teixeiro, Lubre, San Fiz, Iñás), nos concellos coruñeses de Curtis, Bergondo e Oleiros). A tenda abriuse no mes de xuño de 2003.

¿Productos?

A nosa especialidade son as hortalizas (de produción propia) e froitos (moitos deles veñen doutras rexións do Estado). Nesta época recomendámosvos: acelga, porro, grelo, naviza, berza, cenoura, pemento e tomate

¿Beneficio deste tipo de produtos?

Teñen moitos beneficios: para nós, como produtores interesados en facer un traballo respetuoso co medio ambiente, aplicando os principios e as técnicas da agricultura ecolóxica; son moi beneficiosos para o consumidor, xa que son moito máis saudables, non teñen contaminantes...

¿Canle de distribución?

Cando nos asociamos queríamos acortar o máximo posible a cadea de distribución, para poder ofrecer produtos de boa calidade a bos prezos. Moitos dos produtos son nosos, e vendémolos



directamente. Tamén suministramos a outras tendas de produtos ecolóxicos. Os produtos doutras rexións obtémolos a través de empresas distribuidoras da nosa confianza. Facemos servizos a domicilio, cun pedido mínimo de 12 euros.

¿Con selo dos Comités Reguladores?

Todos os produtos están certificados polos Comités Reguladores de Agricultura Ecolóxica, do CRAEGA, no caso dos produtos galegos. Nós estamos abertos á visita das persoas interesadas ás nosas explotacións, queremos axudar a desenvolver a confianza da xente neste tipo de produtos e métodos.

ATAXENTAS

Os donos do establecemento facían agricultura ecolóxica e necesitaban abrir mercado. Así xurdiu a idea de montar unha tenda. A primeira abrírona no ano 1998.

¿Productos?

Temos unha gran variedade de produtos alimentares, de fitoterapia, de librería alternativa especializada nestes

temas, e papelería baseada na reciclaxe e nos produtos naturais. Recomendovos, entre outros: arroz basmati, mel e polen galegos, echinacea, patés vexetais e a gama de aceites corporais.

¿Beneficio deste tipo de produtos?

Nun mundo no que temos cada vez menos referencias da orixe do que comemos, e cun uso abusivo de abonos químicos, pesticidas, produtos transxénicos..., nós apostamos pola oferta de produtos naturais, con garantía de calidade... ademais, no sabor nótase moitísimo.

¿Canle de distribución?

As verduras e hortalizas son de orixe galega. As froitas veñen doutras localidades españolas. Os produtos de comercio xusto proceden das distribuidoras Idea 3 e Alternativa 3. O resto de produtos tráense de países moi diferentes (algúns exemplos: dátiles de Irán, figos de Turquía...).

¿Con selo dos Comités Reguladores?

Moitos deles teñen os selos dos Comités Reguladores. Outros non o teñen, xa que non hai certificación para eles; de tódolos xeitos, nós garantizamos a procedencia dos mesmos.

EQUILIBRIO

Esta tenda leva xa máis de sete anos aberta, sempre no mesmo lugar, e eso fai que teña xa unha clientela consolidada e gran variedade de produtos.

¿Productos?

Gran variedade de mercaderías. Principalmente alimentación, e tamén: libros, Cosmética natural, herboristería ecolóxica, plantas medicinais ou suplementos dietéticos por encargo.

¿Beneficio deste tipo de produtos?

Poder consumir unha comida natural, sen aditivos, sen manipulación xenética. E o fomento dunha agricultura san, en beneficio dos pequenos agricultores.

¿Canle de distribución?

Bioselección é a empresa distribuidora de produtos ecolóxicos que nos abastece (pertence aos propios donos da tenda). A verdura proven de Cataluña, principalmente, aínda que Hortasana sumínistranos lácteos e verdura de Galicia. Avega abastécenos de ovos de produción ecolóxica. Os produtos envasados veñen sobre todo de Cataluña, e algúns de Alemaña e Francia, tamén via Cataluña.

¿Con selo dos Comités Reguladores?

Só produtos con certificación de produción ecolóxica.

FRUTERÍA RÓNDA

Mais de 7 anos, como froitería de barrio, na que o dono vende produtos que el mesmo cultiva sen fertilizantes químicos nen pesticidas.

¿Productos?

Todo en hortalizas e froitas.

¿Beneficio deste tipo de produtos?

Somos o que comemos

¿Canle de distribución?

A meirande parte da mercancia que se vende é de produción propia, de terreos de aproximadamente unha hectárea, situados en Abegondo.

¿Con selo dos Comités Reguladores?

Estamos en trámites de certificación de produción ecolóxica, pero criticamos de xeito contundente á Administración nestes temas de Consellos Reguladores: non hai un control estrito e serio, e en Galiza todo se presta a "clientelismos". Recomendo mercar onde se coñeza ao produtor e este sexa de confianza.

INTERMÓN

Esta tenda leva xa tres anos sendo xestionada por voluntarios/as desta coñecida ONG, para o fomento dun Comercio Xusto.

¿Productos?

Tanto alimentos ecolóxicos non perecedeiros como manufacturas confeccionadas baixo criterios de comercio xusto por cooperativas do chamado 3º mundo.

¿Beneficio deste tipo de produtos?

Os obxectivos principais son proporcionar un salario digno para os produtores. Págase aos produtores ata o triple que o mercado, que está dominado por multinacionais que baixan os prezos de orixe e quédanse coas gañancias. Tamén se ofertan ao consumidor artigos diferentes aos do comercio "normal". Tentamos facer unha concienciación mediante o consumo.

¿Canle de distribución?

No que respecta á alimentación mércase materia prima e envásase en Holanda ou Bélxica. Outros produtos envásaos Intermón ou outras ONG tamén en Europa. Os cafés son orixinarios principalmente de Centroamérica (Guatemala e Costa Rica) e Tanzania. O resto dos produtos alimentarios son orixinarios de Centroamérica, Sudamérica e África. A distribución realízase mediante a rede europea de Comercio Xusto.

¿Con selo dos Comités Reguladores?

Os produtos mércanse con certificación ecolóxica e os requisitos que se impoñen en todos os produtos á hora da merca e distribución son de sustentabilidade medioambiental, e de pago de salarios dignos aos produtores/as en orixe.

*Esta reportaxe de ADEGA-Coruña foi realizada por Belén Méndez, Camilo Ojea, Emilio Graña e María Arias-Andreu.



HORTA SANA	ATAVENTAS	EQUILIBRIO	FRUTERÍA RÓNDA	INTERMÓN
Mercado de San Agustín; Posto nº 12. A Coruña. Tfno: 981 206658.	1.Mercado de Elviña; Posto nº 44-45. 2. Rúa Alcalde Lens nº 30. Tfno / Fax: 981 255654	Ronda de Nelle 19 baixo. Tfno: 981 153608	Pza. Padre Rubiños 10 (cruce R. Outeiro- Avda. Arteixo)	Estreita de San Andrés 12. Tlf.: 981207925
- Hortalizas: porro, remolacha, grelo, naviza, acelga, berza, leituga, berenxena, pemento, leituga, tomate, cenoura, espinaca, pataca, cabacín, pepino, allo, cebola, xudía, chicharro, brecol, coliflor, lombarda, repolo, etc. - Froitos do país: mazá, castaña, pera, mandarina, laranxa, ameixa, limón, kiwi. - Froitos de fora: moita variedade, traídos de Catalunya, Canarias, Valencia, Aragón, etc.	- Fitoterapia ecolóxica: menta, salvia, ourego, salgueiro, rabo de cereixa, ... - Alimentación: cereais, legumes, fariñas, mueslis tropicais, azuki, algas... hortalizas e froitos - Aromaterapia: esencia (narciso, canela, xazmin...) e velas (antitabaco...), e Cosmética natural (cremas faciais e corporais, locións, xabóns,...) - Produtos frescos de agricultura e gandería ecolóxica: ioghurt, tofu, queixo, salchichas e hamburguesas vexetais, carne de terneira e polo... - Produtos de comercio xusto: café, te, cacao, etc	- Lácteos, tofu, mueslis... - Verdura, legumes e froita: laranxas, mazás, leitugas, fabas, tomates, ... - Algas e cogumelos - Destacan principalmente os cereais a granel e froitos secos a moi bo prezo - Confituras, meles, pasta, infusións de todo tipo	Hortalizas e froitas: patacas, kiwis, tomates, cabazas, porros, cebolas, allos, berza, escarola, cenouras, repolos, mazás, limóns, etc.	- Chocolates, cafés, tes, azúcar. - Manufacturas: téxtil, pequenos detalles de madeira, produtos de alimentación...

REPORTAXE

O MEDIO AMBIENTE NO CONCELLO DE AMES

CONVERSA CO FRANCISCO CARRACEDO

Despois do proceso electoral do pasado maio, novas persoas puxéronse ao fronte da xestión ambiental dalgúns concellos, e con elas aparecen no horizonte novos programas de actuación e posibilidades de avanzar na xestión ambiental, afianzando unha vía que nalgúns casos xa se iniciara tras os comicios de 1999. Este é o caso do concello de Ames, onde un pacto de goberno entre o PSOE e o BNG provocou un cámbio radical nas políticas que se viñan aplicando. Ao fronte da concellería de Medio Ambiente está Francisco Carracedo Doce, con quen Cerna mantivo esta conversa.


Vostede ven de asumir a responsabilidade de goberno na área de medio ambiente no concello de Ames. Cal era o estado da cuestión no seu concello?

Cómpre decir que moi poucas actuacións estaban en marcha. Nós rematamos a execución das obras do roteiro de Riamonte, que se iniciaran na lexislatura anterior; legalizamos e demos a coñecer esa ruta e encadrámola dentro dun proxecto moito máis ambicioso de creación dunha rede de itinerarios ambientais.

Por outra banda reiteramos a solicitude de subvención á Unión Europea, no marco do programa europeo LIFE NATURE, para levar adiante a protección, ao máximo nivel, do humidal da zona do río Sar que se inunda todos os anos. Houbo que corrixir o proxecto presentado na lexislatura anterior e asumir, por acordo do Pleno, a disposición do concello para efectuar as expropiacións necesarias dos terreos.

En canto ao río Tambre, o tramo que discorre precisamente polo noso concello, entre o esteiro e o curso medio, é o único que non está incluído na Rede Natura da Unión Europea e iso ten, lóxicamente, uns responsábeis políticos determinados. O proxecto foi aprobado por unanimidade de todos os grupos políticos no Pleno. Agora estamos na fase do seu estudo pormenorizado e, probablemente, haberá que sometelo a un estudo rigoroso de efectos ambientais.

Pouco ou nada paga a pena comentar sobre outras actuacións que estiveran en curso. O mais salientábel é a falta absoluta de concienciación sobre o medio ambiente. Constatar tamén como os estudos de impacto que acompañan ao vixente PXOM deixaron sen catalogar moitas zonas de alto valor, tanto desde o punto de vista da preser-



Francisco Carracedo é concelleiro de Meio Ambiente no concello de Ames

vación do patrimonio natural como do patrimonio histórico. Pretendíase non por ningún impedimento ao crecemento urbanístico. A ese traballo de catalogación teremos que dedicarlle agora os nosos esforzos e recursos.

O goberno de Ames é froito dun pacto postelectoral entre o PSOE e o BNG. En que medida inflúe isto sobre unha xestión política integral na área de medioambiente?

Tocoume xestionar unha concellería de Medio Ambiente en "estado puro". É certo que a Concellería de Servizos Básicos abrangue competencias que noutros concellos lle son propias á área de Medio Ambiente, como son, entre outras, a xestión do servizo de recollida de lixo ou a de parques e xardíns. Máis isto non impide que, coa necesaria coordinación, se poda por en marcha unha parte sustancial do ambicioso programa que o BNG presentou nas pasadas eleccións, nomeadamente no que atinxe ao tratamento do lixo. Moitas das liñas programáticas de actuación que se recollían nese programa,

inciden transversalmente nas competencias doutras concellerías como é o caso da de Desenvolvemento Local, Cultura e Deportes, Ensino e Patrimonio, Planificación de Obras e Desenvolvemento Rural e, por suposto, Urbanis-

Sair de SOGAMA para facer reciclaxe e compostaxe, fomentar o aforro enerxético e a enerxía solar, e conseguir o saneamento do río Sar son algunhas das prioridades do concello de Ames

mo. Pensa, por exemplo na incidencia que sobre todas elas tería a suscripción da Carta de Aalborg e a conseguinte implantación da Axenda 21 Local.

Entón, implantar a Axenda 21 Local pódese ter como obxectivo inmediato?


Pois en parte si. O acordo do Pleno da corporación para suscribir a Carta de Aalborg non ten porque non producirse neste ano. Por outra banda, iniciar os trámites para a contratación dunha

ecoauditoría e a implantación dun plan de participación social, non son pasos que se deban retrasar. Os orzamentos para o ano 2004 deben reflectir xa as partidas e os custes asociados a estas actuacións.

En canto á xestión do lixo, o concello está vencellado contractualmente a SOGAMA. É viábel cambiar o sistema de xestión no concello de Ames?

Nós tiñamos o convencemento de que na lexislatura pasada o concello se adherira ao plan Sogama por quince anos, pero despois dunha análise xurídica detida das cláusulas do contrato que nos vencella a ese plan, cómpre dicir que nada nos impide abandonalo e tratar os RSU que xeramos na pranta de compostaxe de Lousame. Neste momento estamos pendentes de recibir unha proposta económica por parte da planta da Mancomunidade do Barbanza.

Estou certo de que a comparación económica favorecerá a opción de Lousame fronte á de Sogama. Con todo, haberá que analízalo "con lupa". En canto a Sogama, non existe "lucro cesante" no seu contrato, polo que abondará con aboarlle as últimas pesadas de lixo que se lle adeuden. Outros compromisos contractuais preexistentes, como o contrato coa empresa que ten a concesión do servizo de recollida de lixo, tan só condicionan esta política de forma parcial ou temporal. Haberá que esperar até abril de 2005 para poder ter un servizo integral de recollida e tratamento de lixo.



A protección dos ríos e a depuración das augas é unha das prioridades ambientais para o goberno de Ames

E o grupo do PSOE, como parte do goberno municipal, está dacordo con esta política?

Pois si. No último Pleno Municipal ordinario, celebrado o día 8 de novembro, o propio Alcalde fixo manifestación expresa da vontade de apostar pola compostaxe en resposta a unha pregunta formulada por un concelleiro do Grupo Popular. Isto non debería ser unha sorpresa para ninguén xa que está recollido e asumido como un punto importante no programa de goberno conxunto que pactamos en xuño.

Xa para rematar, en que outras cousas estades a traballar?

Como temas prioritarios da axenda están dous convenios co INEGA, un para a realización dunha auditoría enerxética no concello, que xa ficara pendente da lexislatura anterior, e outro para estudar a viabilidade, o incremento de custes e as posíbeis vías

de subvención para a instalación de paneis de enerxía solar na piscina cuberta de Bertamiráns. Este proxecto sería asumíbel se non supón un retraso excesivo no prazo de execución da obra.

Por outra banda, cómpre levar con carácter urgente á aprobación do Pleno unha proposta de acordo institucional para que non se retrase a redacción do proxecto e a execución das obras de ampliación da EDAR da Silvouta, que como sabedes, se quere pospoñer até o ano 2007. Parece ser que o propio Presidente Fraga manifestou estar disposto a adiantar os cartos para esta obra se non se recollen as partidas que permitan facela efectiva antes do 2006 nos orzamentos do Estado. Veremos que hai de certo neste suposto compromiso. Ten en conta que a falla de capacidade desa estación depuradora é a responsábel de que o río Sar no seu discurrir polo noso concello teña a aparencia dunha cloaca.



A CASA DA MOURA

rua da barreira 9 a coruña

Panificadora
• Xosé Nercellas •

**"Máis de 50 anos cocendo
 pan e empanadas
 en forno de leña"**



R/F, nº7 - 36500 Lalín
 Teléfonos: 986 780 309 - 986 780 281



Concello de Ames
Concellería de Medio Ambiente

O Concello de Ames coa nosa Natureza

Auga, pontes e pontellas, fervenzas, pozas, canles, ríos e regatos, vistas do val de Amaía, bosques de ribeira, muiños, son só algunhas das cousas que podes atopar no **Roterio de Riamonte**, unha das rutas da auga que dende o Concello de Ames estamos a desenvolver para que poidas disfrutar da nosa natureza no seu estado máis natural



REPENSAR O PAPEL DO TRANSPORTE PÚBLICO EN GALIZA

POTENCIAL DAS CERCANÍAS FERROVIARIAS NO GOLFO ÁRTABRO E NAS RÍAS BAIXAS

Miguel Pazos Otón*

O Golfo Ártabro e as Rías Baixas son os dous principais focos concentradores da poboación galega na actualidade. No presente artigo xustifícase a viabilidade da creación de servizos de cercanías ferroviarias de RENFE, partindo dunha comparación con outras comunidades autónomas e do dinamismo socioeconómico que amosan ámbolos dous espazos, ademais da importante mobilidade que se rexistra en cada un deles.

INTRODUCCIÓN

Os espazos denominados xeralmente como Golfo Ártabro (A Coruña-Ferrol) e Rías Baixas (Pontevedra-Vigo), concentran hoxendía as maiores densidades de poboación de Galiza, ao mesmo tempo que son, en valores absolutos, os principais focos de crecemento demográfico.


Un dos desafíos máis importantes aos que se enfrontan estas dúas áreas urbanizadas nas próximas décadas é como solventar unha demanda crecente de mobilidade por parte da poboación. A aposta por modos de transporte vinculados unicamente á estrada, dentro dun modelo no que o coche privado ten cada vez máis importancia, está conducindo a unha situación de progresiva saturación das vías de acceso ás cidades.

Esta situación é particularmente grave no caso dos accesos que coinciden coas arterias interurbanas que as poñen en comunicación. Nestas, ao tráfico local hai que engadir o de medio e longo percorrido: iso explica a existencia dunhas intensidades medias diarias (IMD) de tráfico moi elevadas para o contexto galego.

Tendo en conta a saturación do viario que se rexistra propónse como solución a posta en funcionamento de servizos de cercanías ferroviarias, aproveitando os tramos de vías férreas xa existentes, e tirando proveito dun modo ecolóxico, económico e socialmente rendíbel como é o ferrocarril.

O GOLFO ÁRTABRO, AS RÍAS BAIXAS E AS CERCANÍAS FERROVIARIAS NO CONTEXTO DO ESTADO

Actualmente en Galiza só existe un servizo de cercanías ferroviarias en funcionamento. En concreto, trátase do servizo Ferrol-Xubia, operado pola compañía de ferrocarrís de vía estreita FEVE. Aínda que a compañía denomina cercanías ao servizo que chega ata Cedeira e



Alberto SÁ

Ortigueira, a análise das frecuencias fai que dende o noso punto de vista non poidan ser considerados como tales.

Dita área urbana ferrolá estruturábase en torno a unha cidade central, Ferrol, que artella un espazo intensamente urbanizado, e que se estende nomeadamente polos municipios de Narón, Neda e Fene, en torno á Ría. Este exemplo serve para amosar que estamos ante un caso de difusión do fenómeno urbano moi propio e característico de Galiza: a cida-

Nos dous espazos existe unha intensa mobilidade, con moitos puntos de máis de 37.000 vehículos diarios, e da-se unha desigual competición entre a estrada e o ferrocarril, o gran marxinado polos poderes públicos

de central ten medrado, integrando dentro dunha unidade funcional urbana a outros asentamentos próximos, tradicionalmente moito máis independentes e caracterizados polas altas densidades de poboación.

Este intenso poboamento rural superpúxose, xa que logo, ás estruturas derivadas do proceso de urbanización dos anos 60, de xeito que se configuraron espazos urbanizados que soeron adaptarse ás vías de comunicación (Souto González, 1989), ou ben seguiron a liña de costa. Estamos en realidade ante mini-espazos axiais que artellan áreas de urbanización recente, onde un servizo de cercanías ferroviarias convértese nun eficaz modo de transporte que permite a mobilidade diaria da poboación, que se produce principalmente cara a cidade central (Pazos Otón, 2003).

Este esquema que vimos de analizar para o caso de Ferrol pode ser extrapolábel para explicar a realidade do Golfo Ártabro e as Rías Baixas, coa salvedade de que aquí estamos ante pares de cidades (A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo), en cuxos espazos intersticiais, ademais, atopámonos cun tipo de poboamento denso,

sen apenas baleiros territoriais. Non obstante, se consideramos a dotación de cercanías ferroviarias de RENFE no conxunto do Estado, apreciamos o baleiro existente na nosa Comunidade. A situación aínda é máis incomprensíbel se temos en conta que os ditos servizos existen en áreas urbanizadas dunha estrutura urbana semellante (policéntrica), pero de menor relevancia demográfica e económica. Estes son os casos dos servizos de cercanías RENFE Santander-Torrelavega-Reinosa ou Murcia-Lorca-Águilas.

Efectivamente, tanto no espazo A Coruña-Ferrol como Pontevedra-Vigo residen aproximadamente uns 600.000 habitantes, en cada un deles, o que implica unha cifra netamente superior aos 450.000 do espazo murciano ou aos 300.000 do cántabro. Tamén o volume e a importancia da actividade económica é máis importante nos dous espazos galegos que no cántabro ou no murciano. En síntese, as dúas áreas urbanizadas galegas atópanse inxustamente desatendidas por parte de RENFE canto á existencia de servizos de cercanías, analizado dentro do contexto do Estado.

A MOBILIDADE NO GOLFO ÁRTABRO E NAS RÍAS BAIXAS

Tanto o Golfo Ártabro como as Rías Baixas están inseridos dentro do Eixo Urbano Atlántico, un espazo de desenvolvemento axial que se estende ao longo duns 175 kms. dende Ferrolterra a Tui, e que abrangue 5 das 7 grandes cidades galegas (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pon-

A aposta por modos de transporte vinculados unicamente á estrada provocando a progresiva saturación das vías de acceso ás cidades

tevedra e Vigo). En dito corredor reside aproximadamente o 70 % da poboación galega, e nel xéranse as tres cuartas partes do PIB galego (Lois González, 1997).

Dentro deste espazo punteiro do desenvolvemento de Galiza, a economía

evoluiu rapidamente nos últimos anos cara a unha terciarización crecente. O sector servizos é claramente o predominante ao longo da franxa meridiana que se dispón en torno á Autoestrada do Atlántico (A-9), que hoxe actúa como verdadeira espiña dorsal do Eixo Urbano Atlántico.

En grande medida, este predominio do terciario está baseado na importancia do urbano fronte ao rural, e no papel dos 5 grandes polos urbanos, ademais dunha serie de vilas de apoio situadas nos espazos intersticiais entre eles.

A esta importancia das cidades como polos terciarios hai que engadir unha

En Galiza só existe un servizo de cercanías ferroviarias en funcionamento, o de Ferrol-Xubia, de FEVE. Outros moitos denominados así non poden ser considerados como tales

característica da rede urbana dentro do Eixo: o policentrismo e a complementariedade de funcións urbanas (Pazos Otón, 2003). A diferente especialización económica de cada unha das cidades leva á xeración de frecuentes desprazamentos entre elas. Isto resulta moi claro para o caso de Santiago, que como capital autonómica convértese nun importante punto receptor de mobilidade.

Para o caso dos dous pares de cidades que nos ocupan, no caso das Rías Baixas, Pontevedra convértese no destino dun importante número de desprazamentos por motivos de traballo de funcionarios e persoal da administración. Pola súa banda, Vigo atrae unha importante mobilidade de traballadores do sector industrial e dos servizos. No Golfo Ártabro hai unha situación máis clara de primacía da Coruña fronte a Ferrol, pero asimismo prodúcese unha importante relación de complementariedade e dependencia entre elas.

Ademais da relevancia das cidades centrais, hai que contar cun medio de inserción caracterizado por unhas altas

VELOCIPED

DESCONTOS A SOCIOS DE ADEGA

Rúa San Pedro, 23 • 15703 Santiago de Compostela
Teléfono e Fax 981 580 260



TARASCA

Entremuros, 13
Compostela • Galiza

Teléfono: 981 572 154

densidades de poboación, tradicionalmente asociadas ás economías mariñeiro-pesqueiras, que teñen derivado en auténticos continuos rururbanos na actualidade. A xeración de mobilidade e desprazamentos é, polo tanto, moi elevada, o que se pon de manifesto nas cifras das intensidades medias diarias de tráfico que se rexistran nas arterias de acceso ás cidades.

Así, no Golfo Ártabro, en torno á cidade da Coruña contabilízanse nalgúns puntos máis de 37.000 vehículos diarios. Entre A Coruña e Betanzos, sumando os vehículos que circulan por autoestrada e estrada, a IMD rexistrada é superior aos 55.000. Por outra banda, acceden a Ferrol máis de 22.000 diarios, o que supón tamén unha importante mobilidade.


Nas Rías Baixas tamén nos atopamos con cifras de IMD sobredimensionadas. Así, pola Avenida de Madrid viguesa circulan diariamente máis de 44.000 vehículos. Tamén é moi intensa a circulación no acceso da A-9 a Vigo, con máis de 32.000, coa particularidade negativa engadida de que a autoestrada intégrase directamente no tecido urbano. As cifras de tráfico descenden nos accesos a Pontevedra, dado o seu menor tamaño demográfico, pero en todo caso mantéñense por enriba dos 22.000 vehículos.

A modo de comparación, podemos destacar que a M-30 madrileña rexistra un fluxo diario de 158.000 vehículos no nó coa N-V, e que a M-40 ten unha IMD de 157.000, nas proximidades de Getafe. Isto revela un serio problema no caso galego, vinculado ao sobredimensionamento da mobilidade asociada á estrada.

Este predominio da estrada reflíctese tamén nos servizos de transporte público

Considerando a dotación de cercanías ferroviarias no conxunto do Estado, concluímos que as áreas urbanizadas galegas atópanse inxustamente desatendidas por RENFE

que ligan entre si os dous pares de cidades. Utilizando indicadores sinxelos para cuantificar o servizo existente, detectamos que o ferrocarril atópase claramente en inferioridade con respecto ao transporte en autobús regular. Especialmente grave resulta isto na relación A Coruña-Ferrol, onde o servizo en autobús é case 14 veces superior ao proporcionado polo tren, tendo en conta parámetros como a



Fluxos de tráfico nas autoestradas e estradas da Galiza Occidental

duración e a frecuencia diaria do servizo. No caso Vigo-Pontevedra, a situación é sensiblemente mellor, pero aínda así a cantidade de servizo é 3,5 veces superior para o autobús fronte ao tren.

En ámbolos dous casos hai que ter en conta, ademais, que a posta en marcha dos servizos de TRD (intercidades) teñen suposto unha diminución do servizo para os núcleos intermedios localizados entre os dous pares de cidades.

Así pois, ponse de manifesto non só a existencia dunha intensa mobilidade nos dous espazos, senon tamén a desigual competición entre a estrada e o ferrocarril, no cal este último é hoxendía o gran marxinado por parte dos poderes públicos.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

Ata aquí vimos como os dous principais núcleos de poboación de Galiza posúen as condicións axeitadas para a posta en marcha de servizos de cercanías ferroviarias. Resulta sorprendente, cando o analizamos no contexto do Estado, que RENFE non teña implantado aínda ditos servizos, e máis tendo en conta que existen noutros espazos de menor relevancia demográfica e económica.

A través dunha análise dende dentro, vimos tamén como os dous espazos sinalados, pezas chave do Eixo Urbano Atlántico, caracterízanse por unha intensa demanda de mobilidade, que se pon de manifesto nuns intensos fluxos diarios de poboación. Pero estes fluxos son canalizados maioritariamente por estrada, como se comproba analizando o balance

entre o transporte público por estrada e por ferrocarril.

Ante esta situación, cómpre reflexionar sobre a conveniencia de crear novos servizos de cercanías ferroviarias entre os dous pares de cidades, dando cobertura tamén aos espazos intersticiais, onde cada vez teñen máis importancia as funcións residenciais, comerciais e de ocio, como resultado da difusión do fenómeno urbano dende as cidades centrais.

Ante a chegada da alta velocidade, é necesario reflexionar sobre o modelo de transportes máis axeitado para estes dous espazos. Non se trata de cuestionar a chegada do AVE, pero si de subliñar a importancia de contar, a maiores, cun transporte ferroviario interno asequible economicamente, rendíbel socialmente e que garanta unha mobilidade efectiva en Galiza a través dun número elevado de frecuencias. Isto plantexa grandes desafíos que deberán ser analizados en posteriores estudos sobre os transportes e a mobilidade na realidade galega.

*Miguel Pazos Otón é profesor do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.
Correo-e: mipaot@usc.es

Bibliografía:

- Lois González, R.C. (1997): El Eje Urbano Atlántico Galicia-Norte de Portugal. En: López Trigal, L.; Lois, R.C. y Guichard, F. (coords.): La articulación territorial en la raya hispano-portuguesa, pp. 137-141. Fundación Rei Afonso Henriques. Zamora.
- Pazos Otón, M. (2003): Movilidad de la población en la Galicia Occidental: el Eje Urbano Atlántico gallego. Tese doutoral en CD-ROM. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións. Santiago.
- Souto González, X.M. (1988): Xeografía Humana. Galaxia. Vigo.

A CATÁSTROFE DO PRESTIGE: UN ANO DESPOIS

Xabier Vázquez, Martiño Nercellas e Xan Duro

Un ano despois do paseo e afundimento do Prestige fronte as costas galegas, ADEGA fai balanço da situación vivida, o estado da litoral e as perspectivas de futuro no seu informe: O Prestige, un ano despois. Ofrecese aquí un resumo dalgúns puntos de interese. O documento completo pódese consultar na sección do Prestige da web de ADEGA: www.adegagaliza.org

PRESENCIA DE FUEL NO LITORAL

Actualmente queda chapapote en cantidades significativas en diferentes puntos do litoral galego. As zonas máis afectadas continúan a estar na Costa da Morte e de xeito particular en Carnota, Fisterra, Muxía e Camariñas, aínda que en zonas distantes (dende Oia ao Grove, por exemplo) quedan tamén espazos con cantidades significativas. Os coídos e cantís están moi afectados e persiste contaminación secundaria en praias e dunas. As zonas de marismas, de altísimo valor ecolóxico como poden ser as de Caldebarcos agochan cantidades indeterminadas de fuel que poden contaminar as zonas de xeito crónico. En diferentes puntos do litoral galego détéctanse diferentes concentracións de fuel nos fondos mariños, confirmado polo o Investigador Xefe do Programa de Contaminación do Instituto Español de Oceanografía (IEO), D. Juan José González. Lonxe de estar superada a situación, a cantidade de fuel existente está a contaminar gravemente o litoral galego con efectos serios sobre a vida mariña.

A maniquea campaña dialéctica de praias limpas ou suxas emprendida dende instancias gobernamentais (Gobernos Central e Autonómico), particularmente durante o verán pasado é completamente rexeitábel polas seguintes razóns:

- As praias de area supoñen tan só o 35% do litoral galego,

- O resto do litoral (coídos, marismas, cantís, etc.) atópase nunha situación irregular e son espazos con gran importancia ecolóxica e económica, fronte as praias de area que teñen unha importancia relativa menor, aínda que son de interese turístico. Ao parecer, este é o único sector que interesa ás Administracións.

- Estamos ante un caso de contaminación, non de suciedade simplemente, polo que desde o punto de vista ambiental non ten senso o uso dos conceptos limpo/suxo, xa que aínda cando non se



Xabier Vázquez

vexa, o nivel de contaminación cero tardará anos en acadarse. Ademais, a contaminación que "mancha" aos usuarios das praias non é un caso de simple sucidade senón que pode traer graves consecuencias para a saúde; este extremo non foi advertido á cidadanía en ningún momento.

O BARCO AFUNDIDO CON 14.000 T DE FUEL

Tras ser vertidas 63.000 Tn ao mar (logo de terse afirmado ate a saciedade por parte do Goberno que o vertido "só" fora de 30.000 Tn.), neste momento aínda hai en torno a 14.000 toneladas de fuel no pecio do Prestige, segundo os datos oficiais.

Este fuel, no caso de non ser extraído con éxito na súa totalidade, supón unha grave bomba de relojería que ameaza as nosas costas así como as de boa parte da fachada atlántica europea.

Valoramos positivamente que se acometan traballos de extracción do fuel, aínda que entendemos que debeu facerse de xeito moito máis rápido, aproveitando o verán do 2003 en previsión de posibles vertidos posteriores. Entendemos que hai que traballar con plans alternativos efectivos que poidan dar unha resposta nova en caso de que o máis inmediato falle.

Disperso no mar, flotando entre augas, hai tamén unha cantidade descoñecida de fuel, segundo tardaron en recoñecer as autoridades, que está a che-

gar pouco a pouco ao litoral e en calquera momento pode facelo masivamente. Este fuel está a contaminar o medio e vida mariña ao dispersar hidrocarburos aromáticos policíclicos e correse o risco de afectar directamente a mamíferos mariños e aves.

PESCA E MARISQUEO

En canto a pesca aínda é cedo para valorar os posibles efectos, en principio, atribuíbeis directamente ao vertido de fuel do Prestige. Os problemas observados até agora poden deberse á sobrepesca do litoral galego. O impacto nas pesquerías darase a medio e longo prazo. É previsíbel unha gravísima caída das capturas, como consecuencia da mortandade que se produce entre as postas e lar-

vas tras a exposición a contaminación por hidrocarburos e concretamente por Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAPs), cientificamente comprobada nas diferentes mareas negras ao longo do planeta. Algo semellante xa aconteceu localmente como consecuencia da contaminación producida polo Aegean Sea en 1992 na Coruña.

A situación para o marisqueo pode ser exactamente a mesma, aínda que agravada polos preocupantes datos de mortalidade masiva de determinadas especies de bivalvos (ameixa, berberecho, navalla, longueirón) en determinados puntos do litoral, achacábeis á presenza do fuel.



Xabier Vázquez



BALDAIO unha zona natural



AS ONG AMBIENTALISTAS INFORMAN

Ademáis do informe "O Prestige, un ano despois" presentado por ADEGA (www.adegagaliza.org), outras ONGs ambientalistas de carácter internacional presentaron os seus respectivos informes facendo fincapé en diferentes aspectos.

WWF/Adena presentou o seu informe: "La marea sigue. Prestige: Un año después. Evaluación ambiental y socioeconómica" dispoñible en www.wwf.es. Neste informe repásase o impacto da marea negra sobre diferentes hábitats e sobre a economía e fai unha revisión sobre os avances na seguridade marítima.

Greenpeace pola súa banda presentou o informe titulado "Prestige, protección a toda costa" dispoñible igualmente na súa web: www.greenpeace.es, no que se analizan as repercusións da marea negra e se ofrecen solucións tanto para a recuperación dos ecosistemas litorais como para prevenir novas catástrofes.

SEO/BirdLife presentou o informe "Impacto de la marea negra del Prestige sobre las aves marinas" que se pode consultar igualmente na súa web: www.seo.org. Un resumo do mesmo, realizado por Laura Peteiro, recóllese nestas páxinas.

IMPACTO DO PRESTIGE NAS AVES MARIÑAS

Laura Peteiro

Os feitos acontecidos tras o afundimento do buque petroleiro Prestige, confirmaron unha vez máis como un dos principios prexudicados ante unha catástrofe desta índole son as aves mariñas, ademais dos miles de persoas que viron como perigaba o seu medio de vida ou os miles de kilómetros de costa arrasada polo fuel.

A un ano vista do accidente do Prestige, parece un bo momento para facer balance, non para pecha-la páxina se non para avaliar os primeiros impactos sobre as aves mariñas. Os datos que se expoñen no informe de SEO/BirdLife, presentan ao accidente do Prestige como o segundo de maior afección para as aves no Atlántico norte europeo, só superado polo Erika afundido tres anos antes diante da costa da Bretaña francesa.

O número de aves afectadas que se atoparon en España, Portugal e Francia, ascendía en agosto do 2003 a 23.181 aves, o que non supón máis que unha pequena porcentaxe do número real que se viu afectado por esta marea negra. Tendo en conta as circunstancias particulares desta marea negra e as estimas de mortalidade realizadas para outras catástrofes similares, está cifra suporía só entre o 10 e o 20% do total afectadas. Esta estima bastante conservadora, eleva o número de aves afectadas a unha cifra que oscila entre as 115.000 e as 230.000.

Unhas 6.100 aves afectadas foron recollidas con vida. Destas conseguiu devolver a natureza ao redor do 10%, unha porcentaxe próxima á media doutros episodios de contaminación semellantes.

O 53% das aves atopadas entre vivas e mortas, apareceron na costa galega, principalmente na provincia de A Coruña (34%). Isto pon de manifesto que Galiza foi a comunidade máis afectada polo hidrocarburo, e tamén a súa enorme importancia na migración e invernada de decenas de miles de aves mariñas de diversas especies.

A especie máis afectada con diferenza foi o Arao dos Cons, con preto de 12.000 exemplares atopados, seguido do Arao Romeiro e o Arao Papagaio. Estas tres especies da familia dos álcidos suman o 84% do total das aves recollidas.

Gracias ao gran número de exemplares anelados atopados, sabemos que a maioría das aves afectadas proviñan das colonias de álcidos do Mar de Irlanda e Escocia, as mesmas que sufriron o derrame do Erika hai catro anos e o do Tricolor o ano pasado. Colonias que aínda que prosperas, sofren outro duro golpe.

No lado positivo, o informe da Seo-BirdLife destaca a gran mobilización social que desencadeou, e reconece as múltiples iniciativas que en prol das aves se teñen desenrolado ó longo deste último ano por parte de distintos colectivos e da poboación en xeral, que se volcou, como non se lembra até a data, tanto na limpeza do litoral como na procura e rescate de aves.

En moitos outros puntos, a mexilla e/ou o substrato sobre o que se asenta, foi arrancada coa hidrolimpeza co que nos próximos anos haberá escaseza local da cría do mexillón para batea. Investigadores da Universidade da Coruña constatan que os niveis de contaminación no percebe, en determinadas áreas como a Costa da Morte, son moi elevados, sendo moi alta a posibilidade de bioacumulación das sustancias tóxicas nos seus tecidos e, polo tanto, un importante risco de saúde alimentaria. O recrutamento (medíbel nun menor número de epibiontes ou crías) está a ser menor e polo tanto non poden asegurar os stocks nas temporadas seguintes. No caso do mexillón, igualmente constataron unha diminución en torno ao 50% da mexilla na fixación primaveral (de maio, xuño e xullo) respecto a un ano normal nas zonas máis favorábeis e nas máis desfavorábeis mortandade total. Na mesma liña, o ourizo (outra especie de gran interese económico) padece unha alarmante diminución de individuos inmaduros en localidades nas que se atopaba en densidades óptimas para o aproveitamento comercial (esta especie ten un crecemento moi lento e tarda entre 7 e 8 anos en acadar un tamaño comercial).

O levantamento das vedas de pesca e marisqueo é, en todos os casos, como mínimo precipitada e temeraria. Neste senso, a cualificación do vertido do Prestige como de 'catástrofe ecolóxica e económica' ven provocada pola grave agresión para determinados organismos que constitúen a base da pesca e ao marisqueo. Así, entendemos que a veda levantouse só por razóns de tipo político: dar unha sensación de normalidade fronte a traxedia da actividade económica paralizada, negar a magnitude de 'catástrofe' para o suceso do Prestige e aforrar cartos públicos nas axudas aos afectados e afectadas.

A actividade extractiva actual tan só virá a incrementar as consecuencias da catástrofe ao reducir o número de individuos adultos con capacidade para reproducirse e xerar un stock que poda ser recrutado en temporadas sucesivas. Neste punto o principio de prudencia debería ter guiado todas as decisións, porque se ben o escenario pode resultar máis benigno do descrito é evidente que o vertido vai ter unhas consecuencias graves neste ámbito. O Administración galega, lonxe de poder ser cualificado, neste punto, de inocente e ignorante, ten unha parte de responsabilidade altísima



XESTIÓN DOS RESÍDUOS DE FUEL RECUPERADOS

Manuel Soto

Continuamos sen saber cal vai ser o sistema de xestión para os residuos da marea negra do Prestige, unhas 75.000 tn en total, segundo as autoridades. O recente acordo entre a Xunta e o Goberno Central tampouco contribúe a clarificar a solución, xa que o que se prevé é unicamente a separación dos materiais alleos ao fuel, plásticos en primeiro lugar, e areia e auga despois, para obter o que a Xunta denomina un fuel "reciclado e disposto para a súa utilización".

Diferentes organizacións ambientalistas, manifestaron a súa oposición frontal á incineración do fuel e outros residuos, tanto separados como conxuntamente. O fuel orixinal, e por tanto tamén o chamado fuel reciclado que se obtén do procedemento de separación indicado polas autoridades incumpran as normativas comunitarias de contido máximo de xofre. A súa combustión conlevará a emisión á atmosfera de substancias orgánicas tóxicas, metais pesados (arsénico, cadmio e zinc...) e gases ácidos (dióxido de enxofre, responsábel da chuvia ácida), así como a

~~xeración de cinzas tóxicas~~

Por outra banda, as cifras de residuos finalmente recollidos combinada coa cifra de fuel que se di que fica no buque, poñen de manifesto algo moi preocupante: o feito de que varias decenas de miles de toneladas de fuel atopan-se xa irreversiblemente dispersas no medio mariño. Diante do obscurantismo e a falta de datos oficiais, a cantidade de fuel perdida no mar situaríase entre 32.000 e 45.000 toneladas, moi superior á que fixeron pública as autoridades e os medios de comunicación.

posto que ten asumidas as competencias en pesca e marisqueo e posúe os instrumentos necesarios e suficientes para coñecer e prever perfectamente a evolución da actividade extractiva no litoral galego, polo que só podemos considerar a súa postura de temeraria e tecnicamente deficiente, guiada unicamente por intereses de tipo partidista que foxen do interese do medio ambiente e do sector.

SEGURIDADE ALIMENTARIA

A xestión da pesca e o marisqueo non pode ser menos oportuna e consideramos precipitada a abertura das actividades marisqueiras e da pesca en treitos do litoral onde a contaminación é aínda visible. Compre esixir maior transparencia tanto na publicación dos resultados das análíticas realizadas sobre os Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAPs) como na súa actualización e posta en coñecemento público. É urxente confrontar as metodoloxías empregadas para a determinación da presenza de HAPs, co fin de proceder á intercalibración dos resultados que están a xerar as institucións responsábeis das análíticas (AES, IEO, CIMACORON). Asemade, consideramos fundamental a ampliación das análíticas, tanto nas mostras, en particular das zonas onde aínda hai unha cantidade

importante de fuel (Costa da Morte, Carnota, Fondos do Parque Nacional, etc.), como en outras especies de carácter non comercial, e o número de HAP's a analizar.

Para garantir a seguridade alimentaria consideramos necesario aplicar as recomendacións da EPA (Environmental Protection Agency) dos Estados Unidos, elevando as análíticas de tódalas mostras aos 16 compostos incluídos na lista de contaminantes prioritarios, os mesmos que os enunciados pola OMS (Organización Mundial da Saúde) e o seu Instituto de Investigación do Cancro. Alomenos 14 destes 16 compostos están presentes no vertido do Prestige. Para estes compostos, a OMS non considera procedente nin tan sequera fixar unha Inxesta Diaria Admisibel (IDA), establecendo un planteamento xeral de non exposición a substancias carcinoxénicas ou potencialmente carcinoxénicas; é dicir, a concentración nos alimentos debe ser cero.

EIVAS NA PREVENCIÓN FRONTE A ACCIDENTES MARIÑOS: CONTINÚA A CARENCIA DE RECURSOS HUMÁNS E MEDIOS

Ante unha situación como a acontecida detéctanse doadamente unha serie de eivas estruturais que compre solucionar senón queremos que fenómenos


como o do Prestige se repitan periodicamente. É obvio que existen eivas en canto a lexislación en materia de transporte marítimo pois unha situación deste tipo non se debería ter producido, máis cando tanto en Galicia como no resto do Europa existe un amplo historial de catástrofes con petroleiros.

Igualmente existen eivas en canto aos protocolos e responsabilidades nunha situación de emerxencia no mar, neste senso non detectamos independencia profesional das autoridades marítimas ao respecto das autoridades portuarias e máis do Goberno, principal responsábel de converter un accidente en catástrofe.

Reclamamos unha revisión da lexislación europea e a aplicación inmediata de medidas positivas recollidas nas directivas Erika I e Erika II. As cuestións prioritarias atinxen á revisión das bandeiras e portos de conveniencia, á creación da Axencia Europea de Seguridade Marítima, á introducción de buques de casco dobre, á dotación de determinados portos con medios materiais, humanos para converterse en portos con capacidade de acollida de buques en risco (máis coñecidos como portos refuxio, pero nada que ver con portos de creación nova, aparentemente para este fin, que tan só ocultan operacións económicas a gran nivel

"Dicir o nome de todas as illas,
dende o Eo ao Miño; dicir illa por illa
o van de branca escuma, e a cada unha
preguntarlle, como no poema gaélico,
polo pai e a nai e mais as irmás. Coñecer
a xenealoxia das terras, ¡Que profundo e
marabilloso saber...!"

ÁLVARO CUNQUEIRO



ARAO DOS CONS

"Uria Aalgie"

ARAO SEMPRE ARAO

Voltarás surcar o ceo limpo co salgado dos cons nos que descansan as túas azas, voltaremos cavilarte ceibe nos ventos azúis que enterran os nosos recordos onde a praia divisa en horizonte o bico do ceo co mar. Voltará o amor e con el a cría ao corazón das Sisargas, do cabo Vilán e das Berlengas portuguesas; volverás ficar insomne nos cantís da terra, para contar de mañán cedo os mares surcados na noite.

Voltarás para engaiolarte e prenderte e abraiarle nunha Costa da Morte resucitada no terceiro día pola cerna da dignidade dos séculos, voltarás a pesar de todos os obstáculos institucionais que te debrúan ata o fin para seguir mentindo con pau de ferro a nosa realidade. Voltarás no berce libre dun mar torturado, masacrado e mutilado que regresa paseniño á inmensidade do azul, vomitando negrura en areáis de silencio nos que o vento bagóa cheirando a túa fin de inxustiza.

Voltaremos divisarte dende as xanelas da natureza, para proxectarnos contigo en futuro, para inzar a túa estirpe alén das nosas xeracións, para concederlle á paisaxe o movemento que precisamos os habitantes dunha vida a miúdo amortecida na incerteza das horas.

Voltaremos con porvir ata debuxarche nos ollos o raio verde da esperanza, ata que os teus desexos de ser enchan de vida a patria infinda de Nunca Máis, ata que se declaren sagradas as feridas azas que moves en azos de soberanía, e ata que a multitude erga a testa para recoller a fraternidade dos séculos.

Voltaremos contigo coa ira das maus plasmada na loita dos ollos para verte de novo dende terra, mentres soñamos surcar lentamente o ar dende as profundidades do inverno. Voltaremos.....

..... voltarás, darémolo todo polo anaco de sorriso que nos pretenden roubar os caciques das praias e do mar, e seremos algo máis que súbditos tragando aldraxes para creer que somos algo, máis alá do destiño que nos destiñan.

Voltarás, voltaremos a sorrir nas rúas do mar da terra onde acaba o mundo, e bailaremos o teu nome nas praias recordando sempre ao Xestal, porque "a praia é de quen a traballa non de quen a escaralla", porque queremos vivir nunha terra limpa, coa súa flora e a súa fauna, con carballeiras ledas onde gardar o amor, con camiños puros onde sentarse a comer as amoras da felicidade, con chorimas ledas que representen á pátria no universo das flores e con páxaros feiticeiros que surquen o ceo. Por iso cando me atopo so nun recuncho entre a terra e o mar, ergo o berro de cara os cons e dígoche: ¡¡ARAO, SEMPRE ARAO!

Texto: Iago Pérez Santalla

Ilustración: Miguel Cuba Taboada

como é o caso do xa famoso porto exterior de A Coruña). É especialmente prioritario que o litoral galego sexa declarado *Area Marítima Especialmente Sensíbel* (AMES).

Igualmente é imprescindible dotar ao litoral galego con persoal técnico cualificado que poida actuar en caso de emerxencia contando para isto con medios materiais axeitados ás circunstancias polo que compre elaborar un Plan Especial de Emerxencia por Contaminación Accidental das Augas Mariñas.


Se hoxe tiveramos outro Prestige fronte as nosas costas, volvería a acontecer o mesmo que fai un ano, posto que temos os mesmos medios técnicos dispoñíbeis que en novembro do 2002 e son os mesmos responsábeis políticos os que tomarían as decisións.

O IMPACTO DAS LABORES DE RETIRADA DO FUEL

É obvio que boa parte dos impactos ambientais negativos indirectos sobre os hábitats, flora e fauna, así como sobre o conxunto dos espazos naturais galegos non se tería producido se existise unha formación do persoal axeitada. Aínda que o Ministerio de Medio Ambiente dispuxo de persoal técnico cualificado, este non tiña a formación necesaria para acometer o seu traballo con éxito, en boa medida debido a dispersión e baixa accesibilidade de gran parte da información científica e técnica sobre o estado da biodiversidade no litoral galego. Neste punto tería sido clave unha estricta coordinación cos expertos nas diferentes materias das universidades, así como a consulta con membros dos grupos ecologistas que dispoñen dunha información ampla e global, tal e como se desprende das propias accións desenvolvidas por ADEGA.

Igualmente, quedou patente a falla de protocolos claros para proceder en cada caso segundo o hábitat afectado, ao igual que semella clara a ausencia dun sistema SIX (Sistema de Información Xeográfica) completo, onde centralizar toda a información sobre biodiversidade, xeodiversidade, paisaxe e patrimonio natural en xeral do litoral, xunto cun cartografado da accesibilidade que tería sido clave na planificación e bo desenvolvemento das actuacións.

Unha vez superados, máis mal que ben, os atrancos iniciais, parece evidente que se actuou máis por impulsos



mediáticos e estéticos (tratando de que todo aparecera 'limpo') que por un auténtico criterio ambiental; este extremo foi confirmado polo uso xeralizado de prácticas de hidrolimpeza lesivas, incluso cando se tiña coñecemento dos graves prexuízos que isto suporía para o patrimonio natural, ou a destrución por arrastre á rompente de mar de boleiras que datan de períodos glaciares de fai miles de anos.

A contratación de empresas constructoras foi un erro moi grave posto que a súa experiencia en labores medioambientais non só é nula, senón que é negativa e así foron constatados graves delitos ecolóxicos nos meses nos que estiveron a actuar, amosando ademais unha actitude de exclusivo interese baseado na rapina dos seus posibles beneficios.

PLAN GALICIA: PRIMEIROS IMPACTOS

O "Plan Galicia", aprobado polo Consello de Ministros, reflicte un modelo de desenvolvemento económico completamente insostíbel, baseado xustamente naquelo que deu lugar á catástrofe do Prestige: o consumo desmedido de petróleo. Así, o 'Plan Galicia', no caso de desenvolverse, non supón máis que investimentos en infraestruturas promotoras dos modos de transporte máis insustentábeis, tanto social, como ambiental e economicamente, pola súa absoluta dependencia da enerxía fósil. Non ten en conta a recuperación ambiental da costa afectada nin dos sectores económicos concretos; neste senso hai que ter en conta que o 96,7% do orzamento do 'Plan Galicia' está destinado a trens de alta velocidade, a auto-vías e ao porto exterior de A Coruña. De desenvolverse, suporía unha das maiores agresións ambientais que se lle pode inferir a un territorio coa destrución directa da biodiversidade e o consumo enerxético desmedido como principais eixes. Cómpre salientar o xa ocorrido ao abeiro deste plano coa construción

de dúas macropiscifactorías no Cabo Touriñán, Concello de Muxía. Estas piscifactorías están previstas no istmo do cabo, nun dos puntos máis interesantes dende varios puntos de vista de todo o LIC 'Costa da Morte'.

ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

Vista a situación actual hai unha serie de medidas a tomar inmediatamente:

1. Estudio de impacto ambiental global tanto da marea negra como das labores de limpeza.
2. Monitoreo ambiental de todas aquelas compoñentes do medio afectadas pola marea negra e as labores de retirada do fuel, con especial atención á pesca e ao marisqueo. Insistir na realización de análises completas e sistemáticas dos produtos do mar, na liña da EPA norteamericana, así como da columna de auga.
3. Plan de recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros afectados xunto cun plan de compensacións ao sector. Contemplación das indemnizacións por danos futuros.
4. Protección dos lugares da Rede Natura 2000 afectados polo fuel. Labores de restauración dos mesmos.
5. Campaña de educación ambiental sobre a importancia do medio mariño, os seus recursos e os espazos naturais, así como sobre a problemática do uso do petróleo e, concretamente, sobre os vertidos de hidrocarburos ao mar.
6. Valoración dos danos ambientais e paisaxísticos. Solicitude de compensacións polos mesmos.
7. Avances legislativos, entrada en vigor inmediata dos paquetes de medidas das directivas Erika I e Erika II.
8. Elaboración dun Plan Especial de Emerxencia por Contaminación Accidental das Augas Mariñas.
9. Declaración das costas galegas como AMES (Area Marítima Especialmente Sensíbel).
10. Retirada do 'Plan Galicia' e paralización do actualmente desenvolvido por dito plano. Elaboración dun novo Plano baseado na participación cidadá. Estudio de Impacto Ambiental Estratéxico e de sostenibilidade ambiental.

casa das crechas

Via Sacra, 3 • 15704 Compostela
 Telef.: 981 56 07 51
 Fax: 981 56 07 89
 e.e.: crechas@inves.es

LAZAROS E VIVOS DO PAIS

MARIA CASTAÑA

RAIÑA, 19 • COMPOSTELA
 TLF. 981 560 137

Lume e ferro

faberna
 Campo da Feira - CARRAL

NO CABO DANO DO PRESTIGE **NUNCA MÁIS VISITA CON XORNALISTAS O LITORAL**

Xabier Vázquez e Martiño Nercellas

Xabier Vázquez



A plataforma Nunca Máis e Burla Negra, en colaboración de ADEGA, organizaron unha saída ao litoral galego para dar a coñecer a situación actual dos ecosistemas litorais a aqueles xornalistas de medios que así o desexaran. Unha pequena excursión partiu o pasado día 14 de novembro de Santiago de Compostela para o litoral de Carnota e Fisterra, incluído un selecto grupo de medios de comunicación que se interesaron por coñecer in situ o estado actual da costa, lonxe da propaganda oficialista.

O primeiro punto de parada foi o entorno da Punta Insua, nas proximidades do faro de Lariño no concello de Carnota, unha das zonas máis afectadas polo chapapote. Este lugar constitúe un auténtico 'parque temático' sobre o chapapote e os diferentes impactos ambientais. Os coidos ou praias de bolos nos que aínda non se interviu (nestes momentos segue a traballar un grupo de voluntarios na zona) atópanse en xeral con grandes cantidades de fuel percolado. Noutros casos, nos que interviñon empresas constructoras, atópanse fortemente desestructurados e con cantidades significativas de fuel. Trátase de interesantísimas formacións xeomorfolóxicas con diferentes estadios de acti-

vidade actual que, en termos xerais, sufriron tanto a chegada de chapapote como a limpeza por métodos moi agresivos que aínda hoxe perduran.

Na zona tamén podemos contemplar unha pequena duna fósil que permanecía inalterada dende fai uns 120.000 anos e hoxe en día atópase desprovista de vexetación, con importantes problemas de contaminación secundaria e desprotexida fronte a acción dos elementos.

Igualmente puidemos contemplar outros aspectos da loita contra o galipote: nas charcas intermareais detectamos doadamente indicadores que nos dan conta da auténtica problemática do fuel: os efectos da contaminación sobre as especies. Así, atopamos unha grande proliferación de algas verdes fronte a algas vermellas que están a desaparecer, una grande explosión de individuos adultos de minchas e anémonas que contrasta coa inexistencia practicamente total de individuos xuvenís; ourizos, estrelas de mar e camaróns brillan pola súa ausencia, mentres chama poderosamente a atención a grande cantidade de mexilla (cría de mexillón) desprendida.

Nas superficies rochosas podemos observar os efectos da aplicación inco-

rrecta de protocolos de hidrolimpeza: eliminación tanto das comunidades biolóxicas como da capa superficial de alteración da rocha, o que na práctica significa a 'esterilización' de grandes superficies rochosas no litoral coa conseguinte perda de biodiversidade que tardará moitos anos en comezar a recuperarse.

Por último contemplamos igualmente a abertura de moitos kilómetros de pistas en pleno LIC (Lugar de Interese Comunitario), que moito nos tememos non serán nunca restauradas, xa que moitas delas están xa asfaltadas.

Trasladados a Fisterra, achegámonos a dúas praias, a de O Rostro e a de Arnela. Na primeira sorprendeu a actual chegada de fuel en forma de pequenas 'lentellas' que cubrían a liña supramareal e que mantén ocupado a un nutrido grupo de operarios. Eran igualmente visíbeis os 'zócalos' de chapapote: o fuel impreg-

A Punta Insua, perto do faro de Lariño, en Carnota, constitúe un auténtico 'parque temático' sobre o chapapote e os seus impactos, desde a presenza de fuel un ano despois do accidente, pasando polas afeccións xa palpábeis sobre as especies e a destrución de dunas con máis de 120.000 anos de antigüidade

nou rochas á beira de praias que posteriormente incrementaron a potencia de area; as rochas foron limpadas ata o seu límite anterior coa area, e ao retirarse esta cos actuais temporais, deixa esas curiosas bandas de fuel.

Xa en Arnela, o brutal destrozo ao que foi sometido o extraordinario sistema dunar mostrouse con claridade a todos os presentes; igualmente observamos o hábitat de diferentes especies vexetais ameazadas así como a formación de 'mousse de chocolate' na espuma das ondas por mor do fuel existente no medio que se suma ao arrancado das rochas, amosando claramente que este episodio de contaminación aínda non rematou.

A RESPOSTA Á MARÉ NEGRA NO VIEIRO DUNHA NOVA ÉTICA AMBIENTAL

Betritz Fernández Herrera

Os problemas medioambientais cos que se enfronta o ser humano poden e deben ser abordados desde o ámbito da ética. Cada vez máis, ao rastrexar nos documentos de ecólogos, científicos sociais, etc, pode verse como establecen o recurso ao elemento moral como relevante, cando non o único posíbel, deseño de saída á crise das relacións entre os seres humanos e o medio natural. Expresado doutro xeito, as cuestións derivadas da crise medioambiental non poden ser resoltas única e exclusivamente a través da "ciencia ecolóxica", senón que ademais debe tratarse a toma de conciencia dos problemas como un tema de capital importancia, e a asunción colectiva de responsabilidades fronte a eles como unha meta a alcanzar.

DA EXPOSICIÓN ASÉPTICA DOS CONCEPTOS Á CONCIENCIA MORAL

Isto supón que a reflexión que procede en torno a estas cuestións e a acción educativa que se pode derivar - como máis adiante poderá verse- non pode limitarse á exposición aséptica dos conceptos, nin á descrición avalorativa das situacións senón que debe ser unha chamada á conciencia moral; a problemática, pois, refírese a moitos e variados aspectos: a desaparición de especies animais, a deforestación, a contaminación, a deterioración de formas de vida..., aspectos xa moi estudados desde o ámbito científico; o que de seguro ten sido obxecto dunha menor reflexión é a valoración moral á que todos eles poden someterse: o feito de que a cultura humana depreda dun xeito sistemático e antiecolóxico o seu entorno vital.

Desde unha concepción moi clásica, a ética veuse definindo como unha parte da Filosofía que se ocupa da moral, entendida esta como un conxunto de normas que regulan as relacións entre seres humanos, e as accións derivadas destas normas. Trátase por tanto dunha disciplina centrada unicamente no ser humano. Nembargantes, esta é unha concepción moi clásica, que cada vez máis está a ser cuestionada, debido precisamente á crise do propio medio natural e social á consecuencia da acción do ser humano. Deste xeito, cada vez máis autores amplían o ámbito da ética, recoñecendo o valor moralmente significativo do universo non humano. Así entendida, a ética ecolóxica, como algúns dan en chamala, pretende superar a brecha aberta entre "bios" e "polis", entendendo que "antrophos" son as dúas, xa que, como apunta o ecopacifismo, cada persoa, para o seu desenvolvemento, necesita dos outros e da natureza: os problemas e accións individuais repercuten sobre os outros indivi-



duos e sobre a natureza e viceversa, os problemas do medio ambiente inflúen sobre a nosa calidade de vida, tanto individual como colectiva.

A premisa que está na base desta idea é a de que o ser humano é unha parte integrante da biosfera, e non o seu centro, polo que o concepto básico é a interdependencia, no sentido de "ser membro de", e isto ven a significar un cambio no papel do ser humano: de conquistador da terra a membro e cidadán dela, o que implica non só o respecto para os seus semellantes, senón tamén para a comunidade como tal. A Leopold afirma "que a terra é unha comunidade é o concepto básico da ecoloxía, pero que a terra debe ser amada e respectada é unha extensión da ética". En definitiva, o que aquí se define é unha ética que supón un cuestionamento global da práctica humana no mundo, entendendo comprendidos neste mundo as persoas, as sociedades, *os animais, os vexetais e as cousas*. Unha ética que, fale en nome dos non participantes pero si afectados no dis-

curso racional dos humanos, fundamentada no feito de que non nos comunicamos cos seres non humanos, pero si entre nós, entre os humanos, comunicámonos acerca deles. Somos pois, os humanos, os que acordamos e decidimos a norma moral, polo que temos que ter en conta non só o ámbito humano senón tamén os outros ámbitos que integran o "todo biótico"

Así pois, se o obxectivo da ética é abordar o problema das decisións, opcións e eleccións racionais, os problemas prioritarios da actualidade serían dous: o da supervivencia do planeta e o da paz, entendida esta última no dobre sentido de paz entre os humanos e de paz entre os humanos e todo o conxunto da natureza.

A consecuencia deste xiro na concepción da ética é a necesidade dunha nova aprendizaxe dos xeitos de relacionarse: dos seres humanos entre eles; entre o ser humano e a sociedade; entre o ser humano e o medio natural. A resolución dos conflitos que poden xurdir

destas relacións deben facerse partindo dos valores de cooperación, tolerancia, solidariedade e respecto, fronte as actitudes violentas de dominio, expansión competición e dominación.

A ÉTICA BIOCENTRISTA

A experiencia vivida en Galiza a raíz da catástrofe ecolóxica e humana que supuxo o Prestige pode servírnos para concretar nun caso práctico e real as anteriores reflexións, tanto a nivel persoal, como nas aulas. En primeiro lugar, se pensamos nas consecuencias puramente materiais da catástrofe, é dicir, na contaminación que invade, e que continuará por moito tempo invadindo

Os problemas prioritarios da actualidade son dous: o da supervivencia do planeta e o da paz, paz entre os humanos e paz entre os humanos e todo o conxunto da natureza

as costas e os fondos mariños galegos, son os biólogos e especialistas na materia os que poden aportar os datos; nembargantes a ética non pode permanecer neutral ante eles, senón que esixe unha valoración moral da importancia da defensa do medio ambiente.

Ao respecto, cabe destacar a proposta biocentrista de Paul W. Taylor, que ten por obxectivo deseñar un sistema de ética medioambiental centrado na vida, e non soamente no humano. O punto de vista biocéntrico sobre a natureza contén tres elementos: os humanos, como membros de comunidade de vida da



terra non superiores aos outros seres; os ecosistemas naturais, como trama de elementos interconectados, é dicir, que o funcionamento biolóxico de cada un depende do funcionamento biolóxico dos outros e viceversa; os organismos individuais que son comprendidos cada un como un fin en si mesmo. Para iso, Taylor baséase en dous supostos:

- A consideración do ben dos seres vivos, o que representa un ben proporcional e medio; por ben proporcional enténdese que o grao de realización do benestar nos organismos individuais dunha comunidade é en proporción, maior do que o sería en calquera outra orde de funcionamento ecolóxico de relacións entre esas poboacións de especies nun ecosistema concreto; e por ben medio pode entenderse o nivel óptimo para un medioambiente dado.

- O concepto de "valor inherente", baseado por unha banda na consideración moral de que as cousas vivas merecen o interese e o respecto de tódolos

axentes polo simple feito de ser membros da comunidade de vida da terra. Por outra banda, tamén se basea no seu valor intrínseco: se un ser é membro da comunidade de vida da terra, a realización do seu ben é un valor, merecendo a

Para a ética biocentrista, as cousas vivas merecen o interese e o respecto de tódolos axentes polo simple feito de ser membros da comunidade de vida da terra

súa conservación ou a súa promoción como un fin en si mesmo.

As disposicións que comporta esta actitude son, pois, as seguintes:

a) A perseguir como un fin a protección e promoción do ben dos organismos e comunidades de vida dos ecosistemas;

16
o-dezaseis

• Casa de Xantar •

Rúa de San Pedro, 16
15703 Compostela

Teléfonos
981 564 880
981 577 633

16
o-dezaseis

• Casa de Xantar •

b) A considerar os deberes que tenden a estes fins como obrigas prima facie;

c) A experimentar sentimentos positivos e/ou negativos cara situacións ou estados de cousas que sexan favorábeis ou desfavorábeis para o benestar das comunidades de vida en xeral e dos organismos en particular.

A reflexión acerca desta cuestión, pode ser feita nas aulas propoñendo unha valoración moral ante as consecuencias materiais da catástrofe do Prestige, e abordando a responsabilidade do ser humano ante o mal tratamento dado ao medio natural, independentemente de cal fora a decisión política tomada ante o rompemento do buque. O tema de traballo ao respecto podería ser elaborar, de común acordo, unha ética que fale en nome dos non participantes do discurso racional pero que si son afectados por el, facendo ver como, aínda que non nos comunicamos cos seres non humanos, entre os humanos podemos comunicarnos acerca deles, sendo nós os que, en última instancia, acordamos a norma moral.

O VOLUNTARIADO: O ENFOQUE SOCIO-AFECTIVO

Un segundo punto de reflexión desde o ámbito da ética xira en torno das actuacións do voluntariado, que, ante a chegada do chapapote ás costas se achegou desinteresadamente aos puntos nos que podía ofrecer máis axuda. Trátase neste caso, de actitudes claras de cooperación, reaccionando pronto e organizándose para ser o máis eficaces posíbel, e de solidariedade, tanto co medio natural como cos homes e mulleres que vían o seu modo de vida e a súa vida deteriorados a causa do vertido.

Cooperación e solidariedade, xunto co respecto e tolerancia son actitudes que teñen que desenvolverse nas persoas para acadar unha acción plenamente moral, e teñen a súa raíz na capacidade empática.

A formación do sentimento de empatía (saber sentir co outro, poñerse no lugar do outro) constitúe, pois, un dos obxectivos prioritarios da educación moral das persoas, e é tratada tanto polos educadores como polas educadoras que se ocupan deste denominado contido transversal dun xeito específico,



como por aqueles preocupados pola educación para a paz.

Analizando os comportamentos do voluntariado, poden propoñerse diversas técnicas e actividades enmarcadas dentro do que se ven chamando o enfoque socioafectivo que teñen por finalidade lograr que os educandos e as educandas "camiñen cos zapatos" de outras persoas para poder comprender que pé lles doe e onde lles doe.

O ESPERTAR DAS ACTITUDES CRÍTICAS

O terceiro aspecto que se pode traballar co fio do Prestige é o espertar das actitudes críticas dos educandos e das educandas, e para iso, un excelente instrumento a utilizar ven da man dos medios de comunicación, co tratamento que desde eles se fixo da catástrofe: como é sabido, os medios de comunicación constitúen, na época actual, un rexistro da historia, de xeito que pode dicirse que non pasará á memoria das xeracións vindeiras todo aquel acontecemento que non fora publicado nos medios; así, o tratamento dado por cada un deles das noticias que cada día se van sucedendo reflicte unha determina-

da vontade, non só de xerar puntos de vista na opinión pública, senón tamén de perpetuar a memoria dos feitos. Así, a través dunha análise dos informativos emitidos polas distintas canles televisivas, e das diferentes novas publicadas polos diferentes xornais os educandos e as educandas poderán comprobar como houbo medios que silenciaron os feitos nun intento de restarlles importancia e mesmo de negar a súa existencia, e como, os que abordaron a cuestión, ofrecían unha disparidade de datos, de cifras, e de informacións que por momentos semellaban non estar contando a mesma nova.

Así mesmo, poderán coñecer como cada vez máis, os medios son instrumentos ao servizo doutros poderes, e como crece a concentración destes en menos mans para levar a unha auténtica situación de desinformación da cidadanía, o que a pode facer cada vez máis manipulábel, precisamente unha época que se deu en chamar "era da información".

AS "SEN VOZ": A NEGACIÓN DA DEMOCRACIA

O obxectivo último desta liña de traballo é, como xa apuntamos, fomentar o espírito crítico das persoas, estimulando a súa capacidade de facer xuízos propios e persoais, o que constitúe a premisa básica da autonomía, entendida como madurez moral, e como única posibilidade de participación responsá-

Cada vez máis autores amplían o ámbito da ética, recoñecendo o valor moralmente significativo do universo non humano. Así, a ética ecolóxica pretende superar a brecha aberta entre "bios" e "polis"

bel e libre das persoas nos asuntos públicos nunha sociedade democrática. En estreita relación con isto está a reflexión que finaliza o presente traballo: unha das propostas éticas con máis vixencia da época contemporánea no mundo occidental é a feita por J. Habermas quen establece a ética dialóxica como única posibilidade de realización persoal e de convivencia democrática.

En síntese, Habermas elabora unha teoría da acción comunicativa baseada

no concepto de racionalidade, definida non só como razón ou coñecemento, senón coma o xeito no que as persoas, dotadas da capacidade de linguaxe e de acción, fan uso do coñecemento; trátase, pois, dun paradigma centrado nas relacións entre suxeitos que dialogan na busca dunha fundamentación racional das normas morais. De xeito moi resumido, a pretensión habermasiana fundaméntase no presuposto da existencia dunha comunidade ideal de diálogo na que, en ausencia de coaccións e en total igualdade de oportunidades para opinar, se persegue un consenso racional acerca dos intereses que se poden considerar coma comúns a tódalas persoas, constituíndose nun modelo ideal de democracia participativa.

O problema da posta en práctica deste modelo, válido na teoría, é, como lle critica J Muguerza, a existencia das "sen voz", persoas ou grupos de persoas que non teñen acceso á igualdade de oportunidades á hora de expresar ou mesmo de formarse as súas opinións, e persoas ou grupos de persoas que non poden opinar de xeito libre, sen coaccións, que, ao seren excluídas da comunidade de diálogo, anulan toda pretensión democrática nun proceso de toma de decisións ou de elaboración de pau-

tas de accións levadas a cabo polos poderes políticos ou as institucións.

Se se extrapolan estas reflexións teóricas ás experiencias das manifestacións dunha parte da cidadanía –maior ou menor, segundo as fontes e os intereses políticos que as sustentaban– logo da catástrofe do Prestige, expresando o seu desacordo coas medidas tomadas e co propio exercicio de dominio violento da natureza por parte do ser humano, pode verse como, en moitas ocasións, esas voces foron silenciadas: moitas persoas tiveron dificultade e en ocasións imposibilidade para expresar a súa voz, e mesmo, aínda que a expresaron, non foron escoitadas polas instancias de toma de decisións políticas, sendo polo tanto, excluídos desa comunidade ideal de diálogo que posibilita a democracia.

CONCLUSIÓN: VOCES SILENCIADAS PERO DECIDIDAS, CONTRA O PRESTIGE E A GUERRA


En efecto, o Prestige actuou como un revulsivo que fixo que moitas persoas, expresando a súa opinión, reclamasen os seus dereitos de participación cidadá e democrática como había tempo non se vía na nosa sociedade, e

que continuou coas voces que se levantaron ante a guerra contra Iraq. Foron voces, aínda que silenciadas, decididas. O seu rumor segue a deixarse escoitar, e do que fala o seu discurso é do esperar dunha nova conciencia moral que deixa aberta a porta á esperanza, xa que son voces de seres humanos que reclaman unha nova orde no planeta, unha modificación, non só das rela-

As voces que se levantaron ante o Prestige e ante a guerra contra Iraq falan do esperar dunha nova conciencia moral que deixa aberta a porta á esperanza

cións co medio natural senón tamén co medio humano; o seu discurso é, en definitiva, unha argumentación e unha aposta polo diálogo que incorpora no ámbito da ética a pretensión de abordar dun xeito diferente a problemática ligada á administración do ecosistema, entendendo que nela están incluídos os problemas sociais, económicos, de desigualdade, de inxustiza, etc, xa que, como apunta Hernández del Aguila, "a degradación do medio natural e a degradación do medio social son dúas manifestacións dun único problema".

Polo que pasou, polo que pasa,
polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, máis que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.



A CREDIBILIDADE do N°1

www.cadenaser.es

PROBLEMÁTICA DAS ESPECIES INVASORAS EN GALIZA

Antonio Gigirey Suárez (biólogo)

A abertura de cada vez maior número de fronteiras ao mercado así como a explotación dunha maior diversidade de recursos son reflexo da frenética actividade comercial que caracteriza á sociedade actual de consumo. Este proceso "globalizador", aparte dos riscos que pode ocasionar á estabilidade da poboación mundial, é o responsable de importantes alteracións no medio natural entre as cales está a perda de biodiversidade como consecuencia da introducción de especies invasoras.

A importación de especies alóctonas non é recente en Galicia. Así os cultivos de maior extensión no noso territorio, caso da pataca ou do millo, teñen orixe foránea e o mesmo ocorre coas explotacións madeireiras de eucaliptos e piñeiros. Tanto na agricultura como na silvicultura as especies introducidas teñen uns requirimentos ecolóxicos específicos que son aportados, en parte, pola actividade humana, a cal limita a súa capacidade de expansión a zonas moi concretas (agás no caso do eucalipto), non supoñendo por si mesmas un problema grave para a biodiversidade. Pola contra, actividades cunha instauración máis recente na economía galega como a horticultura, mercado de animais de compañía ou explotacións de diversa índole (peletería, acuicultura, cinexética...) deron como resultado a naturalización de especies alóctonas, algunhas das cales cunha importante capacidade expansiva a costa das autóctonas, especies que reciben o nome de invasoras e que están a poñer en perigo certos sectores da biodiversidade galega.

VERTEBRADOS

O caso do visón americano (*Mustela vison*) é un dos mellor coñecidos dentro das especies invasoras. Esta especie foi introducida nos anos 60 na provincia de Pontevedra en explotacións destinadas á industria peleiteira; posteriormente, as progresivas fugas de animais das granxas permitiron a súa naturalización e conseguinte expansión e impacto sobre especies dulceacuícolas (cangrexo de río, sapoconcho común, especies piscícolas) e o desprazamento por competencia de mustélidos autóctonos como o tourón, ao ser o visón americano unha especie máis agresiva. Actualmente presenta poboacións estables nas cuncas dos ríos Lagares, Louro e Miño se ben a especie está presente nunha gran parte do territorio galego.

A introducción de razas alóctonas de coello de monte (*Oryctolagus cunicu-*



Xobier Vazquez

lus), procedentes, na maioría dos casos, de granxas emprazadas na Meseta con fins cinexéticos, provocou a práctica desaparición das poboacións de coello autóctono galego.

Respecto das especies procedentes do comercio de animais de compañía cabe salientar o caso do galápagos de Florida (*Trachemys scripta elegans*), que alcanzou Galicia a través de Portugal e

O visón americano (*Mustela vison*) é o caso mellor coñecido.

O cangrexo roxo americano (*Procambarus clarkii*), introducido en España nos anos, 70 é responsable do vertixinoso declive das poboacións de cangrexo de río autóctono

actualmente supón unha seria ameaza para a conservación do sapoconcho común na zona do baixo Miño, especialmente nas Gándaras de Budiño.

Outras especies alóctonas naturalizadas recentemente no noso territorio e das cales non existen aínda estudos

precisos sobre o seu impacto na fauna e flora local son: cotorrita arxentina (*Myopsitta monachus*), picos de coral (*Estrilda spp.*), carpín dourado (*Carassius auratus*), gambusia (*Gambusia holbrooki*) e black-bass (*Micropterus salmoides*); este último é un importante depredador dos ecosistemas de augas doces e polo tanto podería supoñer no futuro un forte impacto sobre as poboacións de invertebrados e pequenos vertebrados dos nosos ríos no caso de estenderse máis alá dos encoros nos que se atopa actualmente.

INVERTEBRADOS

Un caso é de destacar no eido dos invertebrados pola súa transcendencia para o futuro dos ecosistemas de auga doce; trátase do cangrexo roxo americano (*Procambarus clarkii*), introducido en España nos anos 70 e responsable do vertixinoso declive das poboacións de cangrexo de río (*Austropotamobius pallipes*), tanto pola competencia que xera esta especie de maior tamaño como pola transmisión da afanomicose, enfermidade producida por un fungo introducido co cangrexo roxo americano e que minguou as poboacións de can-

grexo autóctono. Así mesmo esta especie non elimina os detritos do leito dos cursos de auga como fai o cangrexo autóctono o que reduce a calidade das augas afectando de forma indirecta a outras especies que ocupan este tipo de hábitats.

Existe no caso dos invertebrados unha perigosa vía de chegada de novas especies, trátase do chamado "fouling" - termo que designa ao conxunto de organismos mariños que se fixan aos cascos dos barcos- e que nun momento determinado poden supoñer un grave problema para o ecosistema mariño galego (un exemplo é a expansión do mexillón cebra -*Dreissena polymorpha*- en zonas de Norteamérica e o Medite-

As especies de flora naturalizada conforman unha longa lista, e moitas delas compórtanse como invasoras ao crecer rapidamente. Hábitats prioritarios da Rede natura 2000, como os bosques de galería dos cursos dos ríos, vense afectados por diferentes especies, entre elas a falsa acacia

rráneo). A recente traxedia do Prestige podería supoñer o establecemento de especies oportunistas chegadas co "fouling" ao deixar baleiros moitos hábitats do fondo mariño e permitir a expansión destas especies como invasoras.

FLORA

As vías de entrada da flora allea son moito máis variadas que no caso dos animais; pénsese que calquera produto importado é susceptible de levar consigo sementes con capacidade xerminativa. Esta cualidade é a responsable de que o número de especies de flora naturalizada conforme unha longa lista na nosa xeografía, moitas das cales se comportan como invasoras ao crecer rapidamente ocupando grandes superficies e afogando o desenvolvemento das especies autóctonas.


Unha destas especies é o sargazo xaponés (*Sargassum muticum*), especie introducida co cultivo da ostra xaponesa e que en a penas vinte anos colonizou de forma masiva grandes extensións da nosa costa formando masas flotantes que ademais de crear importantes modificacións na constitución da biota dos fondos supoñen un problema importante para as embarcacións e as economías locais.

No que respecta á flora vascular, os casos máis críticos son aqueles que afectan a hábitats peculiares ou en regresión onde sobreviven especies de flora con algún tipo de protección ou cunha distribución reducida no conxunto do territorio galego. Son destacables os casos que están a afectar a espacios recollidos na directiva europea para a protección de hábitats naturais de interese comunitario (Directiva Hábitat). Dentro dos hábitats prioritarios aparecen as lagoas costeiras e as dunas fixas atlánticas; no primeiro caso unha especie invasora -*Bacopa monnieri*- ocupa xa importantes extensións en lagoas como Louro, Xuño ou San Pedro de Muro, mentres que no segundo caso dúas especies do xénero *Conyza* (*C. albida*, e especialmente *C. canadensis*) esténdense de forma moi importante. Outros hábitats recollidos na directiva son as dunas móbiles onde a herba do coitelo (*Carpobrotus edulis*), mostra unha expansión imparable ao longo do litoral pontevedrés presentándose xa en puntos

da costa coruñesa, e os bosques de galería dos cursos dos ríos onde unha especie arbórea, a falsa acacia (*Robinia pseudacacia*), xa está amplamente distribuída e nalgúns casos cun importante desprazamento do bosque orixinal, como ocorre en tramos do Ulla ou do Miño.

UN FUTURO INCERTO

Ata o momento foi pouca a atención dada a este problema dende a administración pública e a comunidade científica no territorio galego, sempre e cando non houbera un interese económico de por medio, pero o problema é moi grave se consideramos que se está a poñer en perigo a propia biodiversidade galega. Sería desexable a posta en funcionamento de estudos orientados a coñecer o status actual destas especies e o seu impacto real sobre os ecosistemas galegos para tomar as medidas pertinentes nos casos que fose necesario e evitar o empeoramento dunha biodiversidade cada vez máis ameazada.



Albarte SR



Albarte SR

XERARDO ÁLVAREZ LIMESES, O POETA QUE ESCRIBEU ENTRE DOUS SÉCULOS (III)

Emílio Xosé Ínsua

Afirmamos na anterior entrega desta sección que no libro *Antre dous séculos* había, ao lado de textos relixiosos, agrario-patrióticos, costumistas e intimistas, unha serie de poemas en que a visión amorosa da paisaxe e da natureza marcaba máis que ningún outro ingrediente a substancia dos versos escritos por Xerardo Álvarez Limeses.

Referimo-nos, con efecto, a poemas como "¡Chove!", "¡Vintecincos de xullo!", "¡Señor!...", "Naz'o día", "O arco da vella", "Nadal", "A señora vaca", "Os carballos", "¡Sol!", "As edades da vida", "Noite de vran", "A fonte", "San Xoán", "As formigas" e, por último, "¡Vela ehí ven!".

Nuns casos trata-se de poemas en que predomina a visión pictórica da paisaxe e dos seus elementos, isto é, un descritivismo tipicamente decimonónico, mesmo que aparece achegado por momentos á técnica impresionista e recorra a algunha que outra metáfora de inspiración imaxinista. Resultan exemplificadores desta vertente textos como "A señora vaca", "A fonte", "As formigas" ou o intitulado "¡Chove!". Neste último citan-se diferentes elementos do trebón actuando sobre as paisaxes arousás ao mesmo tempo que se describen as reaccións que os citados elementos provocan en animais e humanos, cun final intensificativo moi logrado:

Zoa o vento que dá medo,
pol-o mar, dende moi cedo,
o trebón se espalla e robe.
¡Todo calou no penedo!...
¡Chove!

Nos roibóns se alcende o trono,
o orvallo solaga en prono
os curutos do Castrove,
o can non alcontra o dono...
¡Chove!

Muxe a vaca no Valado.
Ô ver o millo anegado,
berra de deir o probe.
¡Perdeuse todo o logrado!...
¡Chove,

chove,

chove,

chove...!

No mesmo grupo cabe clasificar o poema intitulado "Naz'o día". Nel Álvarez Limeses bota man sobre todo de sensacións auditivas (o canto da rula, o quiquiriqui do galo, o asubio do estornino, o ruxerruxe da brisa nas follas...) e mesmo de onomatopeas, para compór un retrato da paisaxe no mencer:



Albino SA

Turr, turr fai a rula
turr na reboleira
e ó arrollo da rula
o outeiro s'esperta.
Maina,
leda,
vai chamando as follas, pra que se esperguicen
a brisa da noite na mañá, que chega.

Creba a paz de hora
un galo nas leiras,
sai asuviando un macho estornino
do niño antre as tellas,
e no val lonxano
fumea...

Como acontecia na estética tipicamente romántica, Álvarez Limeses fai recaer con frecuencia sobre os diversos elementos da paisaxe, humanizados ou non, a expresión máis ou menos metaforizada dos seus sentimentos. Así no poema "¡Vintecincos de Xulio!", referido á festa do Santiago Apóstolo, o poeta retrata unha mañanciña de xullo "de craro verdor" en que

"(...) os carballos se enxoian
con berniz de pintor,
cacarexan os galos
do mosteiro en redor;
o ár conta contiños;
nas robredas de amor,
nos vieiros de olvido,
nas eiras do coor.
Corre a fontina leda,
o toxo inda está en fror
e a galiña se acocha
no seu niño pra pór.

Do mesmo xeito, no poema "San Xoán" o autor recorre á citacón dos "chíos pol-o ar", das "cántigas nas veigas" e das abellas que chuchan milicroques para transmitir-nos unha imaxe da eclosión vitalista e panteísta que acompaña o solsticio do verán e que invade a súa propia alma de contemplador extasiado.

Na perspectiva contraria, visando a expresión de sentimentos tristes e de reflexións existencialistas, podemos traer a colación algunhas estrofas do poema "Nadal", ambientado na dura invernía en terras arousás:

(...) Meia o día no ceo.
Na terra, arripiada,
cán sômas de solpôr, nas que se atecen,
mais que os corpos, as almas.

Chegan nas áas do angueiro,
dende terras lonxanas
areias, que nos fan pechar os ollos
e firen a faciana.

Son as pingas da choiva
agullas, enfiadas
na carne doentida; e non houbera
azos contra a xiada
sen o regalo morno
e agarimo solermo da solaina...

Tamén tristeiro é o ton do poema "Os carballos", en que Xerardo humaniza e dignifica esas árbores describendo-as como seres "feridos nos pés; as ponlas / tortas de tempo e de dôr; berruguentos e cinguidos / das hedras, (...)". Así mesmo, no poema "¡Señor!..." diversos elementos da paisaxe (o limoeiro, as margaridas da horta, a veiga...) manifestan actitudes ou comportamentos tipicamente humanos de dor e conmiseración, en solidariedade coa desgraza labrega que se alude no poema:

"Cómo chora o limoeiro,
como o limoeiro chora!
Ten cada folla unha polra,
cada cidrón un colar.
E as batuxa como bágoas
que van caíndo, caíndo,
dende as ponlas, que se abalan,
hastra espallarse no chan (...)
as margaridas da horta
fican ollando pra a terra,
a veiga toda engruñada
faciana de morte ten".

Hai moitos máis casos en que a dicción e a imaxinería empregadas por Álvarez Limeses achega-se claramente, dun xeito que non pode ser senón propositado, á escola hilozoísta. Este feito constitúe, ao noso ver, un extraordinario exemplo de "posta ao día" dun poeta que nesa altura era xa ben veterano, un titánico e ben levado esforzo de adaptación ás novas sensibilidades que nos anos 20 do pasado século encarnou o malo-

grado escritor pontevedrés Amado Carballo en poemáricos como O galo e Proel. Testemuña á perfección isto que afirmamos o poema de Álvarez Limeses intitulado "O arco da vella":

Dende o piñeiredo de Vilanoviña
o arco da vella ergueuse a beber,
tanta sede tiña
que fixo surrindo un vó de anduriña
e foi de un esguello no río a caer.

Ô sentir da auga a caricia leda
espallouse en néboa pol-a tarde mol
e enchéndose de ela colgou na robleda
seu pano de cores tinguido de sol.

Ô pasmo das xentes deulle preitesía;
xa o frescor da auga non lle apetecía
e como as gabanzas lle sentaban mal
voltou pouco a pouco, con gran señoría,
rubindo do río cara o piñeiral.

Non é este que acabamos de reproducir, en fin, o único poema que dá fé desa capacidade do noso autor para acompañar a súa lira de escritor de raíces decimonónicas aos xeitos e figuras do imaxinismo vangardista, humanizando elementos da natureza. En "Noite de vran", poema ambientado na comarca arousá (con referencias aos montes Xiabre e Castrove, citación da parroquia de Godos, etc.), podemos ler a seguinte estrofa:

"Recóllese a leira como unha moiña,
no seu manto longo se engurra o alciprés,
o vento nas veigas non corre, camiña
con modosos pasos, e pesados pés (...)"

Até aquí chegamos nesta pequena e necesariamente incompleta visitación do poemárico Antre dous séculos de Xerardo Álvarez Limeses. Ogallá teñamos contribuído para suscitar unha miguiña máis de interese e curiosidade por esta figura un tanto olvidada e esvaecida do noso Parnaso. Unha figura que por agardar, agarda aínda pola recompilación da súa obra poética dispersa en millentas publicacións periódicas e pola redacción dese estudo completo e sisudo que revalorice como é debido o seu contributo cualitativo e cuantitativo ás letras galegas do seu tempo, de todos os tempos.



PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

SE ES SÓCI@...

- Das-lle forza ao ecoloxismo galego e fas posíbel os seus proxectos de defensa medio ambiental
- Apoias unha vía alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna
- Recibirás CERNA, Revista galega de ecoloxía e medio ambiente
- Estarás ao día das actividades que organiza Adegas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto

Cada día, a natureza está máis amiazada e máis degradada. A contaminación e os residuos fan casi imposible unha vida san. O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

CUMPRE ACTUAR XÁ. NA GALIZA TAMÉN. FAI-TE SÓCIA/O

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2º A • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Teléfono e Fax: 981 570 099
E-mail: adega@ctv.es / Web: www.adegagaliza.org

Apelidos Nome Data de nacemento
Profesión NIF Enderezo C.P.
Localidade Provincia Teléfono Email:

CUOTAS E FORMA DE PAGO

Banco ou Caixa Sucursal/localidade
Núm. de conta: (_____ / _____ / _____) Titular

☐ Inscripción como Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- ☐ Xuvenil, estudantes, parados 21 €/ano
- ☐ Xeral 42 €/ano
- ☐ Superior: ☐ Anual 72 €
☐ Trimestral 18 €

☐ Suscripción á revista "Cerna"

Suscripción anual (4 números) 10 €

☐ Suscripción a "Adegas Cadernos"

4 €/número. (Para sócios/as 2 €/número)
(Periodicidade estimada 2 números por ano)

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Data: Asdo:

Remitir este boletín debidamente coberto
ao enderezo indicado máis arriba.



Monografías ADEGA-Cadernos

Edición semestral.
PVP 4 euros/número

Nº 9: PESCA SUSTENTÁBEL

Nº 10: MEIO AMBIENTE LITORAL

XA Á VENDA

PRÓXIMOS NÚMEROS

Nº 11: AUGA E SUSTENTABILIDADE

Nº 12: DEPURACIÓN ECOLÓXICA
DE AUGAS RESIDUAIS

Subscripcións: ver a ficha nesta páxina

*** OFERTA ESPECIAL SÓCI@S
DE ADEGA: 2 euros/número
(no caso de subscripción)**

• O IMPACTO DA MARÉ NEGRA E A SUA LIMPEZA: O TRABALLO DE ADEGA •

Edita ADEGA
Novembro de 2003

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) ven de editar nun monográfico unha reportaxe sobre a súa implicación na loita contra a maré negra do Prestige. Nel reflicte-se o esforzo de ADEGA na impulsión, xestión e coordinación do voluntariado, a avaliación dos impactos da maré negra nos recursos naturais, e o importantísimo traballo de seguimento das actuacións da administración, empresas, exército e voluntariado no litoral, así como algúns dos proxectos de restauración da costa que a Asociación está a elaborar.


O informe describe todo o dispositivo implicado na coordinación do voluntariado e inclúe a relación de entidades que achegaron os seus donativos, en metálico ou en especie, para esta e outras tarefas, e das persoas implicadas na coordinación. ADEGA contou coa colaboración específica de preto dun cento de persoas e tamén dun cento de entidades, o que fixo posíbel que a Asociación xestionara e coordinara arredor de 500 grupos e 17.000 xornadas de traballo voluntario, nun total de 80 praias.

O traballo de ADEGA foi complexo e integral xa que incluíu a participación nos numerosos actos reivindicativos e mobilizacións sociais, fundamentalmente participando na Plataforma Nunca Mais, en charlas e conferencias, na atención a dúzias de medios de comunicación, maiormente do extranxeiro, a realización de medio centenar de estudos e informes técnicos, e diferentes actividades de educación ambiental.

500 grupos e
17.000 xornadas de
traballo voluntario,
nun total de 80
praias, foron só
unha parte do
traballo de ADEGA

O IMPACTO DA MARÉ NEGRA E A SUA LIMPEZA

• O TRABALLO DE ADEGA •



O informe pode solicitar-se a ADEGA ou consultar-se en www.adegagaliza.org



Fotografía: Alberte SR

MEMORIA DE MAR FERIDO

O MAR DA INFANCIA, EN TERRA ADENTRO
ERA UN MISTERIOSO SOÑO AZUL
ECOANDO DENTRO DUNHA BUGUINA
- AGASALLO DUN AMIGO QUE NAVEGARA OS SETE MARES-

O MEU PRIMEIRO MAR NOS OLLOS
FOI UN ASOMBRO INMENSO,
UNHA CHAIRA INFINDA DEVALANDO AOS MEUS PÉS
NA QUE O CEO SE MERGULLABA, NO HORIZONTE.

SUCARON AS AUGAS DESTE MAR ANTIGO
HEROES, PIRATAS E POETAS
Á PROCURA DE ROTAS, AVENTURA E FORTUNA.

AGORA VIVO Á BEIRA DO ALTO MAR
DA CHUVIA, DA NÉBOA, DO VENTO
XUNTO ÁS XENTES QUE TEÑEN POR BERCE UN BARCO
COS ROSTROS CURTIDOS NA SOIDADE DAS MAREAS
E AS MANS COMESTAS DO SALITRE DAS TRAVESÍAS.

HOXE O NOSO MAR ARFA ENFERMO,
NON ROMPE A ONDA EN FERVENTE XERFA,
ABAFÁ NA TONA DA NEGRURA
TINTA ANEGANDO A PROA,
A PROA DE TANTOS SOÑOS
QUE NAUFRAGAN NOS SEUS OLLOS AZUIS.